

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1.^a,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 7 de xullo de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

- 1.1 390 (10/POC-002007)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl
Sobre o estado actual do proxecto de construción na provincia de Ourense dun centro para a continuidade na atención ás persoas con discapacidade unha vez cumpridos os 21 anos de idade, a dotación de prazas e espazos que vai ter e a data prevista para a súa entrada en funcionamento, así como a garantía da súa xestión e titularidade pública
- 1.2 393 (10/POC-002008)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl
Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á construción dos novos centros de saúde nos barrios do Vinteún e de Mariñamansa, da cidade de Ourense
- 1.3 395 (10/POC-002009)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl
Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á construción dos novos centros de saúde nos barrios do Vinteún e de Mariñamansa, da cidade de Ourense, e, se é o caso, o calendario de inicio, execución e remate das obras, así como o mantemento dalgún contacto co Concello ao respecto
- 1.4 416 (10/POC-001936)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e Pierres López, María Luisa
Sobre a consignación do investimento anunciado, así como as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego, para o cumprimento do compromiso de construír un novo edificio xudicial na Parada, en Pontevedra
- 1.5 988 (10/POC-001904)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implantación do visor do expediente xudicial electrónico, ao longo do ano 2016, en todas as sedes xudiciais de Galicia, para todos os profesionais e para toda a cidadanía, e o número de sedes xudiciais que poden acceder na actualidade
- 1.6 1028 (10/POC-001981)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a transparencia e o autocontrol da RTVG

- 1.7 1033 (10/POC-001982)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa garantía na actualidade do dereito dos profesionais da RTVG á súa independencia informativa
- 1.8 1184 (10/POC-002051)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre o impacto que tivo no control do déficit público a redución do orzamento destinado á cooperación ao desenvolvemento, os obxectivos do Goberno galego na materia para a décima lexislatura e as súas previsións respecto do impulso dun crecemento anual da axuda oficial para ese fin
- 1.9 1502 (10/POC-001905)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o estado de implantación en que se atopan as oficinas xudicial e fiscal nos xulgados das sete grandes cidades de Galicia, así como en todos os órganos cabeceira de partido xudicial, as reunións levadas a cabo polas comisións autonómica e técnica nos últimos oito anos e os datos ao respecto
- 1.10 1806 (10/POC-001866)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre a información da Xunta de Galicia referida á falta de pagamento polo Goberno de Venezuela, desde o inicio do ano 2016, das pensións que deben percibir os emigrantes galegos retornados daquel país, as medidas que está a adoptar en relación coa situación na que se atopan as persoas afectadas e a realización dalgunha demanda ao Goberno central ao respecto
- 1.11 1934 (10/POC-001937)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre o número de cursos de formación convocados polo Goberno galego no eido da xustiza nos últimos sete anos e a súa opinión respecto da suficiencia dos cursos superiores de linguaxe xurídica galega convocados na modalidade de teleformación nese período
- 1.12 3550 (10/POC-001938)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e Díaz Villoslada, Juan Manuel
Sobre a opinión e as previsións do Goberno galego respecto da creación, dentro do dereito á asistencia xurídica gratuíta, dun servizo especial de asesoramento xurídico ás persoas na cadea dende a súa entrada nela
- 1.13 5509 (10/POC-001906)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central

de dotación ao Corpo da Garda Civil en Galicia dos medios humanos e materiais necesarios, así como da mellora das condicións nas que se atopan os seus cuarteis

- 1.13 3796 (10/POC-001950)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implantación dunha plataforma virtual para a atención das diversas consultas nos diferentes servizos dependentes das consellarías, así como a posibilidade de facilitar a trazabilidade dos expedientes
- 1.14 4098 (10/POC-001949)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a situación en Galicia das condutas e actitudes violentas asociadas ao deporte
- 1.15 4118 (10/POC-002005)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a valoración da CRTVG a propósito da sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que condenou a entidade por vulneración do dereito á conciliación laboral e as medidas previstas para evitar que se volvan producir situacións semellantes
- 1.16 4561 (10/POC-002065)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co proceso de traslado a España de persoas refuxiadas mediante a súa recolocación e reasentamento e a implementación do Plan de acollemento de persoas refuxiadas en Galicia, así como os datos e as previsións ao respecto para o ano 2017
- 1.17 5207 (10/POC-002069)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a asistencia dunha persoa inhabilitada para o exercicio de cargos públicos á reunión levada a cabo pola delegada territorial da Xunta de Galicia en Ourense coa alcaldesa de Melón na sede oficial desa delegación para tratar asuntos institucionais
- 1.18 5745 (10/POC-001939)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a información do Goberno galego en relación coas carencias e deficiencias detectadas na actual dotación de chalecos antibalas dos axentes das forzas e corpos de seguridade en Galicia, así como as súas previsións respecto da demanda ao Ministerio do Interior da fabricación doutro modelo específico para as mulleres policía

- 1.19 5881 (10/POC-002076)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co programa "Vacacións en paz", de acollemento temporal de nenos saharauís durante os meses de verán, as súas previsións respecto do incremento do orzamento destinado a ese programa e o mantemento do apoio institucional que lle vén prestando, así como o mantemento dalgún contacto co Goberno central para axilizar e facilitar os trámites necesarios
- 1.20 5967 (10/POC-001039)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre a elaboración de estudos para coñecer os niveis de gas radón existentes nos edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, a súa periodicidade e os datos ao respecto, así como as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para reducir eses niveis
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017
- 1.21 6097 (10/POC-001875)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre os datos concretos da execución das convocatorias da Administración xeral da Xunta de Galicia derivadas das ofertas públicas de emprego aprobadas entre os anos 2012 e 2016, as razóns do baixo nivel que presentan e as medidas, así como o calendario previsto polo Goberno galego para axilizar as pendentas
- 1.22 6635 (10/POC-001977)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre os plans do Goberno galego para a renovación da frota de vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia, a súa cronoloxía e da otación orzamentaria
- 1.23 6681 (10/POC-002006)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as denuncias do Comité de Empresa da CRTVG referidas á supresión no programa "Galicia noticias serán" da TVG dunha parte da información referida á produción de ostras en Galicia
- 1.24 6694 (10/POC-001907)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre os datos referidos aos custos de papel e tinta dos xulgados de Galicia nos anos 2015, 2016 e 2017, por cada un dos partidos xudiciais da cada unha das provincias
- 1.25 6700 (10/POC-001908)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa suficiencia dos recursos orzamentarios destinados no ano 2017 para a Administración de xustiza en Galicia, a recadación acadada na comunidade autónoma dende a entrada en vigor das taxas xudiciais ata a súa derogación e a contía asignada polo Goberno central por esa recadación

1.26

6759 (10/POC-001173)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións formativas para o persoal do Corpo Nacional de Policía e da Garda Civil levadas a cabo na Academia Galega de Seguridade Pública dende o asinamento do último convenio de colaboración co Ministerio do Interior para ese fin, así como as previstas nos próximos meses

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017

1.27

6814 (10/POC-001909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posible incidencia, na eliminación da arbitrariedade na actuación dos poderes públicos, da existencia de que o indulto se acompañe das razóns para a súa concesión, así como da motivación dos reais decretos de indulto, e a posición do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da modificación da Lei do 18 de xuño de 1870, de regras para o exercicio da graza de indulto, co fin de prohibilo nos casos de corrupción

1.28

7010 (10/POC-001868)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas queixas e denuncias formuladas respecto da licitación actual dos servizos de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia, as razóns existentes para non dividir o contrato en lotes, así como as medidas previstas para facilitarlles ás pemes o acceso aos contratos públicos autonómicos, e, en concreto, no sector da limpeza de edificios e locais

1.29

7143 (10/POC-001869)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para erradicar as posibles prácticas laborais antiembarazo no ámbito dos clubs deportivos de Galicia

1.30

7397 (10/POC-002082)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre as razóns da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para non elixir o réxime de concorrência competitiva para a convocatoria de subvencións dentro do Plan específico extraordinario de investimentos destinados á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia,

os datos referidos á presentación das solicitudes formuladas polos concellos da provincia de Ourense e os criterios seguidos para a concesión das subvencións, así como a convocatoria de máis axudas no ano 2017

- 1.31 7673 (10/POC-001918)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para visibilizar o papel das mulleres no deporte e favorecer a súa práctica en condicións de igualdade
- 1.32 7801 (10/POC-001872)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da revisión do borrador do decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de considerar as principais inxerencias do colectivo de investigadores
- 1.33 8117 (10/POC-002090)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre as presuntas irregularidades detectadas na xestión de fondos europeos en Galicia e, nomeadamente, na dos correspondentes ao Plan Leader II no concello de Arnoia
- 1.34 8576 (10/POC-001876)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para solucionar a situación das persoas galegas emigrantes en Venezuela
- 1.35 9065 (10/POC-001877)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego para a posta en pleno funcionamento do novo edificio xudicial da Fábrica de Tabacos da Coruña, así como sobre a existencia de fluidez e cooperación nas xestións con outras administracións para axilizar os procesos legais pertinentes
- 1.36 9312 (10/POC-001874)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre o impacto, nos diferentes departamentos, entidades e servizos dependentes do Goberno galego, do ciberataque ocorrido o 12 de maio de 2017 mediante a propagación do "ransomware" denominado WannaCry, as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para reparar os posibles danos ocasionados, así como as previstas para mellorar os mecanismos de prevención e resposta ante novos ataques desta natureza e a posibilidade de cuantificación do seu custo
- 1.37 10696 (10/POC-001829)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno para posibilitarlle ao alumnado do IES Agra do Orzán o uso do polideportivo do barrio de xeito estable, as medidas que está a adoptar co fin de optimizar e mellorar a prestación de servizos nos polideportivos autonómicos situados na Coruña e as actuacións que está a desenvolver, en coordinación co Concello da Coruña, para avaliar a posibilidade de transferir a ese concello a titularidade e a xestión dos polideportivos autonómicos localizados nese termo municipal

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137, do 29.06.2017

1.38

10758 (10/POC-001839)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os datos referidos á compra do múltiplex, ou espectro televisivo necesario para a emisión da CRTVG en HD (720p), as razóns da prórroga en dúas ocasións das licenzas de emisión en TDT a dous grupos que incumpren as obrigas contraídas e as previsións do Goberno galego respecto do rescate das concesións

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137, do 29.06.2017

Punto 2.

Proposicións non de lei

2.1

5586 (10/PNC-000539)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a publicación polo Goberno galego, no Portal da transparencia e goberno aberto, da información establecida no artigo 19 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, referida ao informe anual relativo aos acordos aprobados no Parlamento de Galicia que afecten ás súas competencias, detallando a data de aprobación e o organismo competente para o seu cumprimento

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017

2.2

8580 (10/PNC-000903)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda do Goberno galego á Administración de Xustiza respecto da elaboración dun protocolo de actuación para avaliar os resultados da aplicación do sistema de comunicación das resolucións xudiciais co dobre modelo que permite unha mellor comprensión dos termos xurídicos pola cidadanía

Publicación do acordo, BOPG n.º 112, do 10.05.2017

2.3

9994 (10/PNC-001037)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o pagamento pola Xunta de Galicia da retribución complementaria que lle corresponde ao persoal funcionario do corpo de oficiais que desempeña unha secretaría dun xulgado de paz, incluíndo os atrasos e intereses, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coas sentenzas xudiciais ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 128, do 14.06.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1.^a, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
María Isabel Novo Fariña	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 390(10/POC-002007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl

Sobre o estado actual do proxecto de construción na provincia de Ourense dun centro para a continuidade na atención ás persoas con discapacidade unha vez cumpridos os 21 anos de idade, a dotación de prazas e espazos que vai ter e a data prevista para a súa entrada en funcionamento, así como a garantía da súa xestión e titularidade pública



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 390
Data envío: 21/10/2016 14:09:13.144



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación da atención á discapacidade e á dependencia en Galicia están a sufrir un gran deterioro derivado das políticas de retallos e desatención da Xunta de Galicia, ademais das insufribles listas de espera, do limbo da dependencia, este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinación que sofre a provincia de Ourense.

A Plataforma PROCAPOURENSE (Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional), composta polos pais e nais de nenos e nenas con discapacidade, ANPA do CEE Miño, e unha amplísima representación de organizacións políticas, sindicais, e sociais da provincia de Ourense, leva tempo poñendo en evidencia unha destas discriminacións, evidenciando a falla de infraestruturas públicas non concertadas na provincia que permitan a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos atendidas nese centro ou en calquera outro da provincia.

Ourense é a única provincia que non dispón dun espazo destas características, xa que en Lugo hai un centro en Sarria con 120 prazas, Pontevedra dispón dun en Redondela co mesmo número de prazas, e a provincia da Coruña tamén conta cun centro público para que estas persoas poidan continuar coa súa formación e mellora da saúde. Que Ourense non dispoña dun centro destas características supón auténticos dramas familiares ao ter que separar centos de quilómetros ás nais e pais dos seus fillos e fillas, e vulnera o dereito a decidir das familias, polo que cómpre dar unha solución áxil e axeitada a esta situación tal como demanda dita plataforma cidadá.

Ás portas do comezo da campaña electoral das eleccións autonómicas celebradas o 25 de setembro deste ano, a Xunta de Galicia anunciaba o seu compromiso para poñer un marcha un centro público en Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21

 Grupo Parlamentario

anos, sen facer ningún tipo de concreción a respecto de cándoo se construíra o mesmo, o número de prazas do que disporá, e se os servizos que se presten no mesmo serán todos de titularidade pública.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. De cantas prazas disporá o centro público de Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos?
2. En que fase se atopa o proxecto do CAP de Ourense?
3. En que data ten previsto a Xunta de Galicia que se poña en funcionamento dito centro?
4. Inclúirá o proxecto os espazos de cociña, lavandería, salas de terapias, salas de fisioterapia e de logopedas?
5. Comprométese o Goberno galego a garantir que ningún dos servizos que se prestarán neste centro será a través de empresas privadas para suplir a existencia dunha rede pública, é dicir, a que o centro sexa 100 % de xestión e titularidade pública?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 21/10/2016 13:57:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 390
Data envío: 21/10/2016 14:09:13.144



 **Grupo Parlamentario**

Raúl Fernández Fernández na data 21/10/2016 13:57:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 393(10/POC-002008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á
construción dos novos centros de saúde nos barrios do Vinteún
e de Mariñamansa, da cidade de Ourense



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende o Grupo Socialista consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais. Neste marco, Ourense non pode, como ocorreu nas anteriores lexislaturas dos gobernos do PP e a pesares das demandas dos veciños e veciñas de Ourense e de xeito singular dos barrios con maior poboación, quedar atrás na construción dos novos equipamentos sanitarios.

O anterior goberno socialista do Concello de Ourense permitiu poñer a disposición da Xunta de Galicia e formalizar a cesión de dúas parcelas de titularidade municipal nos barrios do Couto e do Vinteún para a construción de sendos centros de saúde. Realizouse un enorme esforzo económico e de xestión para expropiar nun tempo récord as parcelas no Couto e acadar a ocupación da parcela do Vinteún, esta última cun esforzo adicional de explanación (1.250 metros cadrados de superficie), e urbanización (284.603,62 €) por parte do concello, para adaptala ás demandas da Consellería de Sanidade.

Asemade, os socialistas xa no ano 2010 facilitaron á Xunta de Galicia 6 posibles situacións para a construción dun novo centro de saúde no barrio de Mariñamansa e o seu contorno, dando resposta á demanda trasladada polos representantes de 18 asociacións veciñais do sur da cidade na que expoñían que *“o edificio do actual Centro de Saúde de Mariñamansa, co paso do tempo quedou pequeno e non pode albergar novas infraestruturas para facer cirurxía menor, espazos para educación maternal e de fomento do aleitamento natural, etc.”* e demandaban previsión de solo para novas infraestruturas sanitarias.



 Grupo Parlamentario



Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pasadas xa máis de dúas lexislaturas dende o inicio dos trámites por parte do concello para poñer a dispor os terreos co único fin de que a Xunta de Galicia, dende o 2009 gobernada polo PP, comprometera e executara as 3 obras para a construción de novos equipamentos sanitarios en O Couto, O Vinteún e Mariñamansa; a día de hoxe, só se acadou a construción do Novo Centro de Saúde para o barrio do Couto, rematado recentemente e que foi licitado no ano 2012.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia a construción en Ourense de novos centros de saúde nos barrios do Vinteún e de Mariñamansa?
2. Cal é o calendario que ten previsto a Xunta de Galicia para o inicio, execución, e remate dos novos centros de saúde de Ourense, en concreto dos barrios do Vinteún e de Mariñamansa?
3. Iniciou o Goberno galego os contactos co Concello de Ourense para que no referente a cesión definitiva de terreos, xestión de licencias, modificacións precisas, etc. se acade que os dous novos centros de saúde de O Vinteún e de Mariñamansa estean rematados o antes posible?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 21/10/2016 14:00:35

Raúl Fernández Fernández na data 21/10/2016 14:00:41

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 395(10/POC-002009)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á
construción dos novos centros de saúde nos barrios do Vinteún
e de Mariñamansa, da cidade de Ourense, e, se é o caso, o
calendario de inicio, execución e remate das obras, así como
o mantemento dalgún contacto co Concello ao respecto



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 16:30
Nº Rexistro: 395
Data envío: 21/10/2016 14:10:10.987



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Dende o Grupo Socialista consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais. Neste marco, Ourense non pode, como ocorreu nas anteriores lexislaturas dos gobernos do PP e a pesares das demandas dos veciños e veciñas de Ourense e de xeito singular dos barrios con maior poboación, quedar atrás na construción dos novos equipamentos sanitarios.

O anterior goberno socialista do Concello de Ourense permitiu poñer a disposición da Xunta de Galicia e formalizar a cesión de dúas parcelas de titularidade municipal nos barrios do Couto e do Vinteún para a construción de sendos centros de saúde. Realizouse un enorme esforzo económico e de xestión para expropiar nun tempo récord as parcelas no Couto e acadar a ocupación da parcela do Vinteún, esta última cun esforzo adicional de explanación (1.250 metros cadrados de superficie), e urbanización (284.603,62 €) por parte do concello, para adaptala ás demandas da Consellería de Sanidade.

Asemade, os socialistas xa no ano 2010 facilitaron á Xunta de Galicia 6 posibles situacións para a construción dun novo centro de saúde no barrio de Mariñamansa e o seu contorno, dando resposta á demanda trasladada polos representantes de 18 asociacións veciñais do sur da cidade na que expoñían que *“o edificio do actual Centro de Saúde de Mariñamansa, co paso do tempo quedou pequeno e non pode albergar novas infraestruturas para facer cirurxía menor, espazos para educación maternal e de fomento do aleitamento natural, etc.”* e demandaban previsión de solo para novas infraestruturas sanitarias.

Pasadas xa máis de dúas lexislaturas dende o inicio dos trámites por parte do concello para poñer a dispor os terreos co único fin de que a Xunta de Galicia, dende o 2009 gobernada polo PP, comprometera e executara as 3 obras para a construción de novos equipamentos sanitarios en O Couto, O Vinteún e Mariñamansa; a día de hoxe, só se acadou a construción do Novo Centro de Saúde para o barrio do Couto, rematado recentemente e que foi licitado no ano 2012.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia a construción en Ourense de novos centros de saúde nos barrios do Vinteún e de Mariñamansa?
2. Cal é o calendario que ten previsto a Xunta de Galicia para o inicio, execución, e remate dos novos centros de saúde de Ourense, en concreto dos barrios do Vinteún e de Mariñamansa?
3. Iniciou o Goberno galego os contactos co Concello de Ourense para que no referente a cesión definitiva de terreos, xestión de licencias, modificacións precisas, etc. se acade que os dous novos centros de saúde de O Vinteún e de Mariñamansa estean rematados o antes posible?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 21/10/2016 13:59:56

Raúl Fernández Fernández na data 21/10/2016 14:00:07

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 416(10/POC-001936)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Pierres López, María Luisa

Sobre a consignación do investimento anunciado, así como as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego, para o cumprimento do compromiso de construír un novo edificio xudicial na Parda, en Pontevedra



 Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En xuño deste ano, Alfonso Rueda prometía que, antes do verán de 2018, podería entrar en funcionamento o novo edificio xudicial de A Parda en Pontevedra (16,9 millóns de euros de investimento, 20.000 metros cadrados, espazo para albergar 25 sedes xudiciais, 240 prazas de estacionamento, unha pasarela que o comunicará co actual...)

O propio Alfonso Rueda firmaba o contrato de inicio das obras coa empresa construtora (“COPROSA, SA”) o día 28 de xuño, cuxo responsable encomiaba o deseño do futuro edificio e anunciaba que nos picos de maior actividade serán entre 100 e 150 os operarios que traballarán na obra, comprometendo que boa parte serán contratados en Pontevedra, así como que as empresas subministradoras sexan tamén da comarca.

Polo visto, as obras iniciaranse de inmediato, en canto se obteña a licenza municipal.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Están no orzamento da Xunta de Galicia para 2016 os 16,9 millóns de euros de investimento para o novo edificio xudicial de A Parda en Pontevedra? Se a resposta fose negativa, van estar no orzamento da Xunta de Galicia para 2017?
2. Que significa o compromiso de que “boa parte dos e das traballadoras serán contratados en Pontevedra, así como que as empresas subministradoras serán tamén da comarca”?
3. Remitiu o Goberno da Xunta ao Concello de Pontevedra a constitución dunha fianza de 30.000 euros, os datos dos e das

 **Grupo Parlamentario**



Partido dos
Socialistas
de Galicia

directores de obra e de execución e os datos do coordinador de seguridade e saúde? Cando?

4. Vai cumprir o Goberno galego o compromiso da execución das obras de urbanización e de conexión coas redes de servizos existentes, imprescindibles para obter a licenza municipal?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/10/2016 14:29:39

María Luisa Pierres López na data 21/10/2016 14:29:46

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 988(10/POC-001904)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da
implantación do visor do expediente xudicial electrónico, ao
longo do ano 2016, en todas as sedes xudiciais de Galicia,
para todos os profesionais e para toda a cidadanía, e o
número de sedes xudiciais que poden acceder na actualidade



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2016 16:38
Nº Rexistro: 988
Data envío: 09/11/2016 16:38:15.174



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dende a Vicepresidencia da Xunta de Galicia anunciábase a finais de 2015 que o Goberno ía implantar o visor do expediente xudicial electrónico nos xulgados galegos ao longo de 2016, como unha actuación incluída no chamado Plan Senda 2020 e coa fin de consolidar a dixitalización da xustiza e avanzar cara ao papel cero.

Precisamente por iso, a Audiencia Provincial de Pontevedra acollía, no mes de febreiro, a proba piloto deste visor que, segundo dicían o vicepresidente da Xunta de Galicia e a directora da AMTEGA, ao longo deste ano 2016 está previsto que se estenda a todas as sedes xudiciais galegas, a todos os e as profesionais e incluso a todos a cidadanía, aínda que, ata o momento, en Pontevedra tan só teñen acceso ao visor o decano dos xuíces e xuízas e o fiscal xefe. Ninguén máis, pese a telo pedido.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Pode afirmar o Goberno da Xunta de Galicia que, ao longo deste ano 2016, se vai estender a implantación do visor do expediente xudicial electrónico a todas as sedes xudiciais galegas, a todos os e as profesionais e a toda a cidadanía?
2. Cantas sedes xudiciais de Galicia e profesionais poden acceder ao visor, en realidade?

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2016 16:38
Nº Rexistro: 988
Data envío: 09/11/2016 16:38:15.174



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/11/2016 16:24:01

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/11/2016 16:24:06

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/11/2016 16:24:11

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 1028(10/POC-001981)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir
a transparencia e o autocontrol da RTVG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2016 18:13
Nº Rexistro: 1028
Data envío: 10/11/2016 18:13:23.922



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Fronte a un escenario dixital que ameaza con novas discriminacións sociais e un panorama comercial cada vez máis concentrado e oligopolista de medios comerciais privados, que esixiría como contrapeso un servizo público forte e participativo, a RTVG perdeu rapidamente o seu peso e influencia social. Como exemplo, a cota de pantalla da TVG-1 afundiuse do 15,5 % do ano 2008 ao 9,3 % de 2015. O desmantelamento ao que se vén sometendo a este medio público, é tamén a causa da venda da TVG-2 a unha canle de contidos culturais pola semana e de deporte de fin de semana e que rematou sendo un caixón desastre que apenas acada o 1% de cota de pantalla.

Hoxe a radiotelevisión pública galega camiña cara á irrelevancia ou a desaparición, como consecuencia da manipulación sistemática destes oito anos de Goberno do Sr. Feijoo, da falta dun mandato claro de contidos e dos duros retallos do seu financiamento. A manipulación endémica da RTVG lastra a súa calidade, impide unha xestión eficaz da mesma e desnaturaliza a súa misión democrática.

Para mudar esta situación, consideramos que a radiotelevisión pública galega debера ter como base da súa actividade: a independencia, a estabilidade, responsabilidade, e participación da sociedade civil.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas vai poñer en marcha o Goberno galego para garantir a transparencia e o autocontrol da RTVG?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Luis Manuel Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 10/11/2016 18:11:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/11/2016 18:11:08

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 1033(10/POC-001982)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa garantía na
actualidade do dereito dos profesionais da RTVG á súa
independencia informativa



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2016 18:14
Nº Rexistro: 1033
Data envío: 10/11/2016 18:14:31.079



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Fronte a un escenario dixital que ameaza con novas discriminacións sociais e un panorama comercial cada vez máis concentrado e oligopolista de medios comerciais privados, que esixiría como contrapeso un servizo público forte e participativo, a RTVG perdeu rapidamente o seu peso e influencia social. Como exemplo, a cota de pantalla da TVG-1 afundiuse do 15,5 % do ano 2008 ao 9,3 % de 2015.

Hoxe a radiotelevisión pública galega camiña cara á irrelevancia ou a desaparición, como consecuencia da manipulación sistemática destes oito anos de Goberno do Sr. Feijoo, da falta dun mandato claro de contidos e dos duros retallos do seu financiamento. A manipulación endémica da RTVG lastra a súa calidade, impide unha xestión eficaz da mesma e desnaturaliza a súa misión democrática.

Para mudar esta situación, consideramos que a radiotelevisión pública galega deberá ter como base da súa actividade: a independencia, a estabilidade, responsabilidade, e participación da sociedade civil. Neste senso, os socialistas consideramos que é urxente tamén aumentar a participación dos traballadores e traballadoras para garantir o cumprimento dos obxectivos de independencia editorial e de calidade, para o cal cumpre poñer en marcha todos os instrumentos para garantir a independencia informativa, e a súa defensa respecto a toda presión externa, gubernamental ou privada.



 **Grupo Parlamentario**

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que os traballadores e traballadoras da RTVG teñen garantida a súa independencia informativa?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 10/11/2016 18:10:46

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 10/11/2016 18:10:52

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.8 1184(10/POC-002051)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o impacto que tivo no control do déficit público a
redución do orzamento destinado á cooperación ao
desenvolvemento, os obxectivos do Goberno galego na materia
para a décima lexislatura e as súas previsións respecto do
impulso dun crecemento anual da axuda oficial para ese fin



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2016 11:46
Nº Rexistro: 1184
Data envío: 15/11/2016 11:46:03.345



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

As políticas de cooperación deben ser unha das ferramentas de solidariedade humana orientadas á loita efectiva contra a pobreza e as desigualdades, que permitan axudar ao desenvolvemento daquelas sociedades que polas súas especiais circunstancias sociais, económicas, políticas ou bélicas, precisan de axuda externa para garantir os dereitos inalienables que temos todos os seres humanos.

Durante os gobernos de Feijoo, o peso da política de cooperación sobre a totalidade do orzamento galego sempre foi marxinal, sufrindo retallos empregando como escusa a crise, ata chegar a menor dedicación orzamentaria dos derradeiros quince anos, o 0,04 % que dedica actualmente. Os retallos en cooperación, tanto polo Goberno de Rajoy como o de Feijoo, dificilmente tiveron impacto no control de déficit público e sen embargo si afectaron a milleiros de persoas de países empobrecidos, minguando a capacidade para xerar cambios positivos e sostibles nas vidas de persoas, comunidades, e países que os precisan.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que impacto tivo no control de déficit público a redución do orzamento de cooperación ao desenvolvemento?
2. Cales son os obxectivos do Goberno galego en materia de cooperación ao desenvolvemento para a X Lexislatura?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia impulsar un crecemento anual e progresivo durante esta lexislatura da axuda oficial ao desenvolvemento?
4. Vai o Goberno galego a ligar o crecemento progresivo a un calendario de desembolsos público e planificado conxuntamente cos diferentes axentes de cooperación?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5. Cal é o obxectivo, sobre porcentaxe dos orzamentos, que o Goberno galego pretende alcanzar ao final da X Lexislatura no referente á axuda oficial ao desenvolvemento?

Pazo do Parlamento, 15 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/11/2016 11:42:25

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/11/2016 11:42:30

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/11/2016 11:42:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/11/2016 11:42:41

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.9 1502(10/POC-001905)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o estado de implantación en que se atopan as oficinas xudicial e fiscal nos xulgados das sete grandes cidades de Galicia, así como en todos os órganos cabeceira de partido xudicial, as reunións levadas a cabo polas comisións autonómica e técnica nos últimos oito anos e os datos ao respecto



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2016 13:03
Nº Rexistro: 1502
Data envío: 22/11/2016 13:03:53.336



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O servizo público da Xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. Necesitamos unha Administración de Xustiza moderna, esencial para consolidar o Estado de Dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. Unha nova oficina xudicial e a incorporación nas oficinas xudiciais das novas tecnoloxías inciden neste fin.

Se a oficina xudicial existise, tamén existiría a centralización de servizos comúns e a imprescindible modernización tecnolóxica. Cómpre unha xustiza totalmente informatizada, onde os que se chaman operadores xurídicos/as (avogados/as e procuradores/as, por exemplo) e onde as distintas instancias da oficina xudicial se comuniquen entre si e coa oficina fiscal a través da rede informática.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Pode afirmar o Goberno galego que a oficina xudicial está xa implantada nos xulgados das sete cidades galegas e en todos os órganos cabeceira de partido xudicial?
2. Pode afirmar o Goberno galego que a oficina fiscal está xa implantada nos xulgados das 7 cidades galegas e en todos os órganos cabeceira de partido xudicial?
3. Cantas veces se teñen reunido a Comisión autonómica e a Comisión técnica nestes últimos 8 anos?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. Cantas unidades técnico - administrativas se teñen constituído nos edificios xudiciais nestes últimos 8 anos?
5. Cantas unidades de apoio a presidencias de Tribunais e Decanatos dos xulgados se teñen constituído nestes últimos 8 anos?

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/11/2016 12:33:13

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/11/2016 12:33:20

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/11/2016 12:33:27

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.10 1806(10/POC-001866)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a información da Xunta de Galicia referida á falta de pagamento polo Goberno de Venezuela, desde o inicio do ano 2016, das pensións que deben percibir os emigrantes galegos retornados daquel país, as medidas que está a adoptar en relación coa situación na que se atopan as persoas afectadas e a realización dalgunha demanda ao Goberno central ao respecto



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1806
Data envío: 29/11/2016 19:20:38.601



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nunha recente reunión desta semana pasada do Grupo Parlamentario Socialista con varias plataformas de emigrantes retornados informóusenos dunha situación que require unha solución urxente, xa que a súa demora pode ocasionar serios problemas de subsistencia e emerxencia social no colectivo dos nosos emigrantes retornados de Venezuela.

Dende principio deste ano, o Goberno de Venezuela non está facendo fronte aos pagos que deben percibir os pensionistas e xubilados españois que teñen retornado daquel país, pertencendo a este colectivo máis de 3.500 retornados galegos. Estes pagos mensuais debe abonalos o Goberno de Venezuela en virtude do correspondente convenio bilateral asinado con España.

Nos supostos de máis necesidade, moitos dos nosos emigrantes retornados de Venezuela poden estar xa a sufrir situacións graves, non podendo acceder ademais aos servizos de emerxencia social.

Ante esta situación crítica, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que coñecemento ten a Xunta de Galicia sobre os non pagamentos de pensións por parte do Goberno de Venezuela aos emigrantes galegos retornados daquel país?

2ª) Ante esta situación, que medidas está a adoptar o Goberno galego para cubrir as necesidades máis urxentes dos emigrantes máis afectados?



 Grupo Parlamentario

3ª) Está o Goberno galego a instar ao Goberno central para que solucione con carácter urxente con Venezuela esta situación en observancia do convenio bilateral suscrito entre os dous países?

Pazo do Parlamento, 28 de novembro de 2016

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 29/11/2016 19:17:37

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/11/2016 19:17:50

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.11 1934(10/POC-001937)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o número de cursos de formación convocados polo Goberno galego no eido da xustiza nos últimos sete anos e a súa opinión respecto da suficiencia dos cursos superiores de linguaxe xurídica galega convocados na modalidade de teleformación nese período



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 11:17
Nº Rexistro: 1934
Data envío: 02/12/2016 11:17:42.414



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Galicia ten dúas linguas, galego e castelán, e unha Lei de normalización lingüística, dende o 15 de xuño de 1983. Mais na Xustiza o uso da nosa lingua non chega ao 5 %, segundo os últimos datos oficiais que temos do ano 2005. Esta lei di, no seu artigo 7.3, que a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza.

Dados os resultados miserables que existen, o Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias consideraba, no seu cuarto informe sobre o grado de cumprimento do texto, que hai carencias no uso do galego no ámbito xudicial. Por tal motivo, instaron ás administracións españolas e galegas a introducir os cambios lexislativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos en lingua galega. E a Xunta de Galicia respondía que “*tomará en consideración as recomendacións*”.

Nesa liña de desleixo, o Goberno galego non convocaba cursos de formación en Xustiza; algún de telecomunicación, pero nada máis. E en galego nada, sobre todo o curso superior de linguaxe xurídica galega, que levaba 3 anos sen se convocar. Ata que no Diario Oficial de Galicia do 3 de marzo, a directora da Escola Galega da Administración Pública convocaba, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, 2 edicións dun curso superior na modalidade de teleformación, con 75 horas de duración e con 60 prazas en total.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cantos cursos de formación ten convocado en Xustiza o Goberno galego nos últimos 7 anos?
2. Considera a Xunta de Galicia que as convocatorias que se teñen feito nestes 7 anos de cursos superiores de linguaxe xurídica galega, na modalidade de teleformación, son suficientes?
3. Tivo algo que ver a convocatoria do Diario Oficial de Galicia do 3 de marzo coas eleccións galegas para este ano 2016 ou foi casualidade?

Pazo do Parlamento, 1 de decembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/12/2016 11:02:48

María de la Concepción Burgo López na data 02/12/2016 11:02:59

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/12/2016 11:03:04

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/12/2016 11:03:11

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.12 3550(10/POC-001938)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre a opinión e as previsións do Goberno galego respecto da creación, dentro do dereito á asistencia xurídica gratuíta, dun servizo especial de asesoramento xurídico ás persoas na cadea dende a súa entrada nela



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2017 16:30
Nº Rexistro: 3550
Data envío: 17/01/2017 14:09:19.895



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En Galicia, as persoas presas non teñen recoñecido por lei o dereito a asignación de avogado ou avogada polo sistema de asistencia xurídica gratuíta para a defensa dos seus dereitos fronte a Administración penitenciaria; a designación prodúcese só ao acadar o trámite do recurso de apelación.

É certo que hai Colexios de Avogados (como Pontevedra, Ourense e Santiago) que crearon no seu día quendas penitenciarias voluntarias e que xa en 2012 o Consello da Avogacía Galega apoiara esta proposta, mais estas non deixan de ser solucións parciais a un problema que debería atallar o Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a opinión do Goberno galego de que as persoas presas non teñan recoñecido por lei o dereito a asignación de avogado ou avogada polo sistema de asistencia xurídica gratuíta para a defensa dos seus dereitos fronte a Administración penitenciaria?
2. Entende o Goberno galego que esta carencia está a mermar os dereitos das persoas presas?
3. Vai crear o Goberno galego un servizo especial de asesoramento xurídico dentro do dereito a asistencia xurídica gratuíta dende a entrada en prisión? Se a resposta fose positiva, cando?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2017 16:30
Nº Rexistro: 3550
Data envío: 17/01/2017 14:09:19.895



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/01/2017 14:08:49

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 17/01/2017 14:09:02

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.13 5509(10/POC-001906)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao
Goberno central de dotación ao Corpo da Garda Civil en
Galicia dos medios humanos e materiais necesarios, así como
da mellora das condicións nas que se atopan os seus cuarteis



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2017 10:54
Nº Rexistro: 5509
Data envío: 22/02/2017 10:54:35.669



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Hai un par de meses, nun medio de comunicación galego falábase de que os delitos contra a propiedade privada, entre outros, se teñen disparado en grande parte dos concellos da Costa da Morte. Como consecuencia, este grupo parlamentario rexistraba e debatía iniciativas sobre esta cuestión, posto que é a seguridade de Galicia e, polo tanto, o benestar da cidadanía, o que está en xogo. O PP votaba en contra.

O Sindicato Unificado de Policía denunciou nestes días que a falta de policía nacionais é a maior en 20 anos, que hai máis de 600 prazas sen cubrir, que se teñen disolto (sen novidade algunha) grupos de investigación ...

A Unión de Gardas Cívís de Galicia denuncia que, habendo na nosa Comunidade uns 4.000 efectivos, son necesarios 450 máis; en capitais de provincia hai postos, pero non principais; non se cobren as vacantes; a maioría dos cuarteis están en condicións infrahumanas; non hai GPS nos vehículos (moitos con máis de 500.000 quilómetros e máis de 10 anos de antigüidade) ...

Segundo o propio conselleiro de Vicepresidencia, en xullo de 2013 había 470 efectivos da Unidade de Policía Adscrita; en 2016 había 443...

O Sindicato Profesional de Policía Locais de España en Galicia pide a posibilidade de mancomunar servizos, máis financiamento para a adquisición de medios materiais (vehículos incluídos) ...

E que dicir “da abundancia” de chalecos antibalas en todos os casos ...

Todo o anterior ten varias consecuencias: Galicia é a Comunidade con menor cifra relativa de policía e gardas civís e a que máis funcionarios e

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

funcionarias ten perdido. Entre xullo de 2010 e 2016, un descenso do 8,3 %, que sextuplica a redución de persoal xeral en toda España nese mesmo período (o 1,4 %). E iso redunda na falta de seguridade, na redución do benestar.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que ten que dicir o Goberno galego sobre o feito de que son necesarios novos 450 gardas civís?
2. Considera o Goberno galego que é efectivo que nas capitais de provincia haxa postos da garda civil, pero non principais?
3. Que ten que dicir o Goberno de que non se cubran as vacantes?
4. Que lle parece ao Goberno as condicións da maioría dos cuarteis da Garda Civil en Galicia?
5. Coñece o Goberno galego as condicións dos vehículos deste corpo?
6. Vai facer algunha destas reclamacións ao Ministerio do Interior?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/02/2017 10:52:52

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/02/2017 10:52:59

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/02/2017 10:53:05

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.13 3796(10/POC-001950)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da
implantación dunha plataforma virtual para a atención das
diversas consultas nos diferentes servizos dependentes das
consellarías, así como a posibilidade de facilitar a
trazabilidade dos expedientes



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 17:07
Nº Rexistro: 3796
Data envío: 19/01/2017 17:07:41.710



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez, Abel Losada Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

Achegar a Administración ao administrado, e velar pola eficiencia e adaptación aos tempos dos servizos públicos é unha das obrigas da Administración pública.

A evolución tecnolóxica facilita hoxe en día a implantación das tramitacións electrónicas, os rexistros e sinaturas dixitais, as secretarías virtuais, así como plataformas dixitais nas que facer pública a tramitación de expedientes, as licitacións, as convocatorias, etc..sendo ferramentas xa familiarizadas e presentes moitas delas en diversos organismos dependentes das administracións do Estado, autonómicas ou municipais.

A mellora nas tramitacións que facilitan estas ferramentas é incuestionable, así como favorece a transparencia para a cidadanía e a trazabilidade no seguimento dos expedientes.

Detéctanse servizos específicos dependentes da Xunta de Galicia con numerosas queixas, coma é o Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Pontevedra dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o cal informa sobre todos os proxectos que afecten a edificacións ou construcións de diversas tipoloxías con algún tipo de protección en todo o ámbito da provincia de Pontevedra.

Son moitos os técnicos e técnicas, concellos e promotores particulares que veñen reiterar as serias dificultades coas que se atopan neste servizo, e que relacionamos a continuación:

- Dificultade para coñecer o estado dos expedientes (falta de trazabilidade).

- Discrecionalidade no emprego de criterios en función do técnico asignado.
- Falla de orientación previa fiable previo a presentación dos proxectos.
- Perda ocasional da documentación entregada, no envío interno entre administracións.
- Dificultade para conseguir citas presenciais co técnico asignado trala recepción dun informe negativo.
- Peche de expediente tras informes negativos que conleva o reinicio dos trámites e o pago das taxas no concello de orixe.

O conxunto de todas estas circunstancias provoca, a grave demora na tramitación dos expedientes, algúns deles estancados durante anos, a falta de transparencia, gastos engadidos para o administrado, e ineficacia total na resolución dos expedientes de licenza, dificultando ao fin e o cabo a iniciativa de actuacións de rehabilitación e recuperación do Patrimonio.

Nun goberno que apela á rehabilitación do patrimonio construído e da vivenda, non se pode entender que un servizo fundamental coma é o de Patrimonio estea a xerar tantas queixas. De feito son moitos os promotores que desisten do inicio de actuacións de rehabilitación por medo a atoparse con informes que dificulten a consecución das licencias. Isto atenta claramente ao mantemento de moito dese patrimonio ameazado con acabar arruinado.

Unha perda cultural non só para os promotores, públicos ou privados, senón para todos e todas.

Os socialistas consideramos que todas estas circunstancias deben ser solventadas con carácter de urxencia, e por iso as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto o Goberno galego xerar unha plataforma virtual que, seguindo o exemplo doutras existentes noutras comunidades, poida atender e resolver consultas diversas nos diferentes servizos dependentes das consellerías, co fin de aclarar criterios de actuación e facilitar unha información previa á presentación das documentacións?

2. Sería posible que o Goberno galego facilitase a trazabilidade dos expedientes iniciados nos servizos que permita ao administrado coñecer en cada momento o estado do mesmo, así como dos días de convocatoria de comisións e os asuntos a tratar nelas?
3. Para cando unha plataforma común para o rexistro e para os diferentes servizos da administracións involucrados na tramitación dun mesmo expediente, onde se poida proceder a suba e descarga dos mesmos en formato dixital?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Abel Losada Alvarez
Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 19/01/2017 16:57:45

María de la Concepción Burgo López na data 19/01/2017 16:57:51

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 19/01/2017 16:57:59

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/01/2017 16:58:05

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/01/2017 16:58:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 17:07
Nº Rexistro: 3796
Data envío: 19/01/2017 17:07:41.710



 **Grupo Parlamentario**

Julio Torrado Quintela na data 19/01/2017 16:58:17

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.14 4098(10/POC-001949)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a situación en Galicia das condutas e actitudes
violentas asociadas ao deporte



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 4098
Data envío: 25/01/2017 18:52:08.825



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Goberno presidido por José Luis Rodríguez Zapatero constituíu en 2008 a Comisión Estatal contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte (Comisión Antiviolenencia para o Deporte). A continuada e crecente relevancia de diversos feitos de carácter violento asociados ao deporte, especialmente ao deporte de masas e os de maior afluencia de público, mobilizou unha alerta relevante para tomar esta iniciativa que avaliara de maneira específica, e con competencias sancionadoras no eido deportivo, as accións e actitudes violentas no eido deportivo. A Lei do deporte de Galicia adquire tamén algunhas competencias na materia.

Existen problemáticas sinaladas en tres eidos específicos: violencia intergrupala, asociada as condutas agresivas e hostís entre afeccións; violencia machista, relacionada con conceptos estereotipados do deporte dende un punto de vista machista e discriminatorio; e violencia xenófoba, que se manifesta no rexeitamento e desprezo cara ás persoas de razas e/ou culturas distintas. Todos eles teñen unha importancia fundamental e deben afrontarse dende puntos de vista semellantes, baseados nunha regulamentación esixente e tamén, e sobre todo, nun conxunto de accións sociopedagóxicas e educativas encamiñadas a difundir actitudes e condutas baseadas en valores universais, especialmente a desenvolver entre os menores de idade.

As políticas desenvolvidas ata o de agora, con máis ou menos apoio gubernamental dende aquel 2008, foron ofrecendo resultados salientables que xeraron un certo avance neste campo. Non entanto, seguen existindo problemas asociados á violencia no deporte, nalgúns casos con resultados dramáticos que se cobran incluso vidas humanas, e noutros casos que derivan cara problemas de actitude machista e/ou xenófoba. Este tipo de actitudes recibe crítica e combate por parte das administracións, dos medios

 Grupo Parlamentario
Partido dos
Socialistas
de Galicia


de comunicación, de referentes sociais, do conxunto da sociedade e tamén dos propios deportistas, mais existen aínda actitudes que, por moi poucas numericamente que sexan, contribúen a limitar a capacidade de acción e influencia de todos os axentes que traballan en sentido positivo. Existe, por tanto, unha tolerancia social aínda latente que protexe e sostén a existencia de condutas e actitudes manifestamente reprobables.

O informe da UNESCO “*Colour, what colour?*” de 2015 apunta a existencia dun problema irresoluto de racismo no fútbol, e para confrontalo apuntan unha boa serie de medidas en torno a tres eixos de actuación: tomar en serio ás afeccións deportivas, arriscar e innovar nas medidas a levar a cabo, e actuar en conxunto coa universidade e os investigadores sociais.

Non sendo Galicia unha das comunidades autónomas que presenta maior índice de problemas asociados á violencia no deporte, e existindo exemplos contrarios moi relevantes e exemplares de clubs de elite e de afeccionados (por exemplo: “El CB Nigrán rinde homenaje a las víctimas de violencia de género”, Faro de Vigo 19.11.2016, seguen existindo problemas que é necesario afrontar de maneira concreta (“somos iguales, somos humanos”, La Voz de Galicia 23.01.2017). As divisións semiprofesionais e afeccionadas do deporte, especialmente dos deportes maioritarios e concretamente do fútbol, merecen unha atención específica que ha de facerse con datos e propostas concretas dende Galicia.

Coñecendo que a Comisión Antiviolencia para o Deporte ofrece un informe anual cos datos agrupados para toda España, sería de relevancia coñecer estes datos desagregados para Galicia. O último informe da Comisión foi para a tempada deportiva 2015-2016. A partir dos datos sería posible deseñar planes e actuacións mais específicos e eficientes para afrontar os problemas existentes.

Por todo isto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora a Secretaría Xeral para o Deporte a situación en Galicia en relación as actitudes e condutas violentas asociadas ao deporte?

2. Cantos casos de violencia no deporte foron detectados e tramitados en Galicia na tempada deportiva 2015-2016?
3. Cantos casos tiveron relación con actitudes racistas e/ou xenófobas? Cantos relacionados con violencia machista? Canto en relación a agresividade e violencia intergrupar?
4. Considera a Xunta de Galicia necesario establecer un plan de actuacións específico en Galicia para afrontar problemas relacionados coa violencia no deporte?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Juan Manuel Díaz Villoslada
Patricia Vilán Lorenzo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 25/01/2017 18:49:48

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/01/2017 18:49:54

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/01/2017 18:50:03

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.15 4118(10/POC-002005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da CRTVG a propósito da sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que condenou a entidade por vulneración do dereito á conciliación laboral e as medidas previstas para evitar que se volvan producir situacións semellantes



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Recentemente coñecíamos un fallo, con data do 16 de xaneiro, no que a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia condenaba á CRTVG a indemnizar con máis de 2.000 euros a unha traballadora por vulneración do dereito á conciliación laboral, ao tempo que se recoñecía o seu dereito a traballar en horario de fin de semana. Tamén condena á entidade a aboar os gastos de gardería no tempo en que non foi respectado o exercicio deste dereito.

Esta traballadora reclamara en numerosas ocasións dende mediados de 2015 o cambio á xornada de fin de semana na delegación de Lugo, co fin de conseguir unha mellora na súa conciliación laboral, dado que ten unha filla pequena, unha nai en situación de dependencia, e padece xaquecas, cuestión denegada pola CRTVG.

Na sentenza, a sala argumenta que a compañía utilizou un informe médico da mutua "a conveniencia para xustificar a denegación do exercicio de conciliación da traballadora". De feito, apunta que impedir baseándose en recomendacións médicas o exercicio deste dereito "supón unha inapropiada actitude paternalista descoñecedora tanto da decisión de autodeterminación da traballadora demandante coma do carácter constitucional do dereito de conciliación".

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a CRTVG da sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que condenou a entidade por vulneración do dereito á conciliación laboral?
2. Ten previsto a CRTVG recorrer dita sentenza do TSXG?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:08
Nº Rexistro: 4118
Data envío: 26/01/2017 17:08:36.664



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. En caso afirmativo, cal é o motivo da presentación de dito recurso?
4. Que medidas ten previsto poñer en marcha a CRTVG para que non volvan a producirse vulneracións dos dereitos á conciliación laboral dos traballadores e traballadoras ao seu servizo?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/01/2017 17:07:39

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 26/01/2017 17:07:46

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.16 4561(10/POC-002065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co proceso de traslado a España de persoas refuxiadas mediante a súa recolocación e reasentamento e a implementación do Plan de acollemento de persoas refuxiadas en Galicia, así como os datos e as previsións ao respecto para o ano 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2017 11:46
Nº Rexistro: 4561
Data envío: 06/02/2017 11:46:07.291



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Estamos asistindo a unha situación sen precedentes e ante a que é preciso que a comunidade internacional tome medidas urxentes e inmediatas e actúe en consecuencia.

A principios do 2016, por primeira vez dende a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de dereitos humanos nos seus países de orixe superaron o 65 millóns, segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría se sumáramos os milleiros de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación está poñendo ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falla de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de dereitos humanos e protección internacional.

O pasado 22 de setembro cumpríase un ano dende que os líderes da Unión Europea acordasen un mecanismo de reubicación de emerxencia para compartir a responsabilidade de aqueles que solicitan asilo. Sen embargo, decenas de milleiros de persoas seguen atrapadas en campos de refuxiados en condicións deplorables.

No caso de España, as cifras falan por si mesmas, segundo datos do Ministerio de Interior de finais do mes de novembro, pese a comprometerse a reubicar a 6647 persoas dende Grecia nun período de dous anos, ata o momento España só acolleu a 344 persoas, fronte a por exemplo as 1425 reubicadas dende este país por Francia. A cifra total queda aínda moi lonxe das 17.337 persoas que o Goberno se comprometeu a acoller, ben pola vía da reubicación, ou ben pola do reasentamento.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na IX lexislatura aprobáronse varias iniciativas no Parlamento de Galicia que defendían a creación dun Plan de acollida para persoas refuxiadas en Galicia. De xeito paralelo, no ano 2015 o señor Feijoo anunciaba a disposición de Galicia a acoller a 300 refuxiados, así como a prestar tamén colaboración ás familias que quixeran acoller a máis persoas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego do proceso de traslado de persoas refuxiadas a España mediante a súa reubicación e reasentamento?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia da implementación do Plan de acollida para persoas refuxiadas na nosa comunidade?
3. Ata o de agora, cal é o número total de persoas acollidas en Galicia?
4. Que axudas prestou o Goberno galego ás familias galegas que solicitaron acoller persoas refuxiadas?
5. Considera o Goberno galego que se poderán cumprir durante o ano 2017 os obxectivos establecidos en dito Plan de acollemento?
6. Cal é o número de persoas refuxiadas que ten previsto a Xunta de Galicia que acolla a nosa comunidade durante o ano 2017?
7. Que mecanismos ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para axilizar o proceso de reubicación e reasentamento de refuxiados?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2017 11:46
Nº Rexistro: 4561
Data envío: 06/02/2017 11:46:07.291



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 06/02/2017 11:43:59

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/02/2017 11:44:08

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/02/2017 11:44:12

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.17 5207(10/POC-002069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a asistencia dunha persoa inhabilitada para o exercicio de cargos públicos á reunión levada a cabo pola delegada territorial da Xunta de Galicia en Ourense coa alcaldesa de Melón na sede oficial desa delegación para tratar asuntos institucionais



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5207
Data envío: 15/02/2017 16:28:08.385



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Recentemente coñecíamos a través dunha nova publicada nun medio de comunicación que o ex alcalde Melón, Alberto Pardellas Álvarez, condenado por sentenza firme por prevaricación e inhabilitado para o desempeño de cargos públicos durante oito anos e medio por prevaricación ao autorizar un polideportivo a 75 metros do mosteiro cisterciense de Santa María, acudiu a despachar asuntos do Concello á Delegación territorial da Xunta de Galicia en Ourense. Na xuntanza que mantivo coa delegada da Xunta de Galicia, Marisol Díaz Mouteira, estivo acompañado da actual alcaldesa de Melón, María Cristina Francisco Vílchez.

Este feito vén a constatar o que os socialistas levamos denunciando dende o primeiro momento en que a actual alcaldesa de Melón tomou posesión do seu cargo, que o Señor Pardellas segue liderando o Goberno na sombra a pesares de estar inhabilitado, o cal supón un feito gravísimo por supor un incumprimento dunha sentenza firme.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Na devandita reunión que coñecemos a través dos medios de comunicación, que asuntos oficiais se trataron?
2. En cantas ocasións, dende que foi inhabilitado para exercer cargo público, despachou asuntos do Concello na Delegación Territorial da Xunta de Galicia, o ex alcalde de Melón Alberto Pardellas Álvarez?
3. É habitual que o ex alcalde de Melón manteña reunións con cargos institucionais da Xunta de Galicia?
4. Que valoración fai a Xunta de Galicia de que a delegada territorial de Ourense se reúna nun edificio oficial para tratar asuntos institucionais cunha persoa que foi inhabilitada pola xustiza para exercer cargo público?

 Grupo Parlamentario

5. Que medidas vai tomar o Goberno galego para impedir que se volva a repetir esta situación?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/02/2017 16:24:19

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/02/2017 16:24:25

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/02/2017 16:24:31

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/02/2017 16:24:36

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.18 5745(10/POC-001939)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación coas carencias e deficiencias detectadas na actual dotación de chalecos antibalas dos axentes das forzas e corpos de seguridade en Galicia, así como as súas previsións respecto da demanda ao Ministerio do Interior da fabricación doutro modelo específico para as mulleres policía



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 16:57
Nº Rexistro: 5745
Data envío: 27/02/2017 16:57:54.355



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

En novembro de 2014, unha policía nacional morría en Vigo tiroteada por un atracador. Non levaba chaleco antibalas.

Pouco despois (en decembro), o director adxunto operativo da Policía Nacional facía distribuír por todas as comisarías unha circular para “saber usar” os axentes o chaleco antibalas, sempre cando patrullen uniformados polas rúas e cando teñan que intervir en actuacións nas que exista o mínimo risco. A circular acompañaba á nota de prensa na que se anunciara a distribución urxente de milleiros de chalecos antes de rematar o primeiro semestre de 2015.

Pero ocorreu que o Ministerio do Interior só mercou modelos masculinos, non suficientes para os homes e que non se adaptan á fisionomía feminina, pois provocan unha forte presión e dor no peito, que se agudiza nos casos de mulleres con tallas grandes. E así llo dixeron ao ministerio todas as responsables das asociacións profesionais deste corpo. E nos outros está a pasar exactamente o mesmo; así, a Garda Civil non ten chalecos antibalas individuais nin axeitados para o desenvolvemento do seu traballo diario: debería haber dous para cada posto e as tallas non son as axeitadas.

A cuestión é que non sabemos:

1. Cantas mulleres policías nacionais patrullan uniformadas polas rúas de Galicia ou interveñen en actuacións nas que exista o mínimo risco para a súa vida ou integridade.
2. Cantas levan chaleco antibalas.
3. Cantas levan chaleco antibalas que garanta a súa seguridade física e se adapte ás condicións anatómicas dunha muller.

4. E si o Goberno galego vai esixir ao Ministerio do Interior que imparta instrucións á empresa que elabora os chalecos antibalas para que se fabriquen chalecos das dúas modalidades, home e muller.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten coñecemento o Goberno galego de que se distribuirán milleiros de chalecos antes de xuño de 2015?
2. Ten coñecemento o Goberno galego de que os modelos masculinos non suficientes e que os femininos non se adaptan á fisionomía das mulleres?
3. Sabe o Goberno galego cantas mulleres pertencentes aos Corpos e Forzas de Seguridade en Galicia patrullan uniformadas con chalecos antibalas que garantan a súa seguridade física e se adapten perfectamente ás condicións anatómicas dunha muller?
4. Vai esixir o Goberno galego ao Ministerio do Interior que imparta instrucións á empresa que elabora os chalecos antibalas para que se fabriquen chalecos das dúas modalidades, home e muller?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/02/2017 16:56:16

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/02/2017 16:56:23

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/02/2017 16:56:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 16:57
Nº Rexistro: 5745
Data envío: 27/02/2017 16:57:54.355



 **Grupo Parlamentario**

María Luisa Pierres López na data 27/02/2017 16:56:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.19 5881(10/POC-002076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co programa "Vacacións en paz", de acollemento temporal de nenos saharauís durante os meses de verán, as súas previsións respecto do incremento do orzamento destinado a ese programa e o mantemento do apoio institucional que lle vén prestando, así como o mantemento dalgún contacto co Goberno central para axilizar e facilitar os trámites necesarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 5881
Data envío: 01/03/2017 14:03:06.356



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A cooperación ao desenvolvemento debe ser unha das ferramentas de solidariedade humana que permitan axudar ao desenvolvemento daquelas sociedades que polas súas especiais circunstancias sociais, económicas, políticas ou bélicas precisan da axuda externa para garantir os dereitos inalienables que temos todos os seres humanos.

Os socialistas consideramos que o enfoque da cooperación exterior ao desenvolvemento debe ser dende criterios de urxencia, impulsando tamén os eixes tradicionais de actuación da cooperación galega, como os recollidos nos seus plans de acción, ou como en casos concretos, o apoio ao desenvolvemento do pobo saharauí.

Neste marco, “Vacacións en Paz” é un proxecto de acollida temporal de nenos e nenas saharauís durante os meses de xullo e agosto, que en Galicia desenvolve Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS).

Galicia vén participando nesta iniciativa solidaria dende o ano 1991, ofrecendo ás familias saharauís a posibilidade de que as súas fillas e fillos gocen dunha estancia agradable, humana e culturalmente rica, baixo a supervisión e os coidados das familias acolledoras galegas. Este programa de estancia de nenos/as saharauís, procedentes dos campamentos de refuxiados saharauís en Tindouf (Alxeria), para pasar dous meses de verán acollidos por familias galegas, se leva a cabo grazas á colaboración económica da Xunta de Galicia, e o apoio dos concellos.

As vacacións en paz preséntanse nun marco de solidariedade e axuda desinteresada, trátase de ofrecerlles a estas nenas e nenos nados no medio dun clima de guerra e sometidos as súas dúbidas, unha posibilidade de coñecer formas distintas de vida, de maneira que iso contribúa, non so na

súa formación, senón tamén en mellorar e potenciar a comunicación e o entendemento entre os pobos de España e o Pobo Saharauí.

A vida destes nenos/nenas, nados no exilio, transcorre nas mesmas circunstancias como o resto da poboación saharauí, privada do máis elemental e sobrevive dificilmente grazas á axuda internacional.

Dende o punto de vista afectivo, España representa algo especial para os saharauís polos lazos históricos, culturais e humanos. De feito, os saharauís pertencen á comunidade de hispano-falantes e aínda conservan con esmero o español como segundo idioma.

Teñen existido numerosas trabas interferiron no bo desenvolvemento da chegada dos e das menores. O Acordo do Consello de Ministros que aproba as instrucións polas que se determina o procedemento para autorizar a residencia temporal de menores no noso país no marco do Programa “Vacaciones en Paz”, que en anos anteriores se viña adoptando a primeiros de xuño, no ano 2016 cerrouse o día 10, e ademais dilatou a publicación da correspondente Resolución da Secretaría General de Inmigración e Emigración no BOE, ata o 18 de xuño, cando había voos que tiñan a súa chegada prevista ao noso país para o día 20. A elo se uniu o retraso na xestión provocado por algunhas delegacións do Goberno que, no último momento, pediron documentación das familias que, en algúns casos, xa obraba no poder da administración, e en outros, tratábase de documentación nova , imposible de recompilar en solo unhas horas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego do Programa “Vacacións en Paz”?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar durante esta X lexislatura o orzamento dedicado ao Programa “Vacacións en Paz”?
3. Vai manter o Goberno galego durante esta lexislatura, o apoio institucional a este programa?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 5881
Data envío: 01/03/2017 14:03:06.356



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. Mantén a Xunta de Galicia contacto co Goberno de España para axilizar e facilitar os trámites necesarios para a autorización da residencia temporal de menores no marco do programa “Vacacións en Paz”?

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/03/2017 14:01:09

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/03/2017 14:01:15

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/03/2017 14:01:20

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/03/2017 14:01:25

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.20 5967(10/POC-001039)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a elaboración de estudos para coñecer os niveis de gas radón existentes nos edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, a súa periodicidade e os datos ao respecto, así como as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para reducir eses niveis

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O radón é un gas radioactivo que procede da descomposición do uranio presente na corteza terrestre. Este tipo de gas acumúlase dentro de espazos interiores como as vivendas ou os lugares de traballo, impedindo deste xeito a súa liberación á atmosfera e sendo as súas partículas alfa radiactivas nocivas para os pulmóns. Diversos estudos, realizados a nivel mundial, demostraron que as persoas que viven en casas con un nivel elevado de radón teñen maior risco de sufrir cancro de pulmón. A Organización Mundial da saúde reconece ao gas radón como un canceríxeno humano dende o ano 1988.

Actualmente, a normativa española relacionada coa problemática do gas radón, afecta só ao ámbito laboral, mediante o RD 783/2001, modificado por RD 1439/2010 e Instrución IS-33 do Consello de Seguridade Nuclear. Dita instrución indica que os titulares de actividades laborais deberán determinar a exposición ao radón en lugares de traballo como: covas e galerías, establecementos termais e lugares de traballo subterráneos e non subterráneos, en áreas identificadas polos seus valores elevados de radón, entre outros. Ademais, a Directiva Europea 2013/59/EURATOM indica que non deben superarse os 300 Becquerelios/m³ en vivendas e lugares de traballo. Os Estados membros porán en vigor as



disposicións legais, regulamentarias e administrativas da anterior Directiva citada, a máis tardar o 6 de febreiro de 2018.

Galicia é a zona do Estado español máis exposta ao gas radón. O laboratorio de radón de Galicia levou a cabo máis de 3.411 medicións ao longo da xeografía galega, demostrando que o 12,1% delas superaban os 300 Becquerelios/m³, o máximo fixado pola Directiva Europea, sendo as provincias galegas máis afectadas Pontevedra e Ourense.

Polo exposto anteriormente, e visto a gran problemática que representa o gas radón para a saúde das persoas, formulamos as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1.ª) Elabóranse en todos os edificios públicos, dependentes da Xunta de Galicia, estudos para coñecer os niveis de gas radón?, De ser o caso, cada canto tempo?
- 2.ª) Cantos edificios públicos da Xunta presentan niveis de gas radón por riba dos 200 Becquerelios/m³ e dos 300 Becquerelios/m³?
- 3.ª) Que accións está levando a cabo a Xunta de Galicia para reducir os niveis de gas radón nos edificios públicos afectados?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 02/03/2017 16:14:18

Magdalena Barahona Martín na data 02/03/2017 16:14:27

Luca Chao Pérez na data 02/03/2017 16:14:40

Paula Vázquez Verao na data 02/03/2017 16:14:49

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/03/2017 16:14:53

Juan José Merlo Lorenzo na data 02/03/2017 16:14:57

Antón Sánchez García na data 02/03/2017 16:15:00

Eva Solla Fernández na data 02/03/2017 16:15:03

Paula Quinteiro Araújo na data 02/03/2017 16:15:06

Luis Villares Naveira na data 02/03/2017 16:15:11

José Manuel Lago Peñas na data 02/03/2017 16:15:15

Francisco Casal Vidal na data 02/03/2017 16:15:20

David Rodríguez Estévez na data 02/03/2017 16:15:27



Marcos Cal Ogando na data 02/03/2017 16:15:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 5967
Data envío: 02/03/2017 16:17:27.322



**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.21 6097(10/POC-001875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre os datos concretos da execución das convocatorias da Administración xeral da Xunta de Galicia derivadas das ofertas públicas de emprego aprobadas entre os anos 2012 e 2016, as razóns do baixo nivel que presentan e as medidas, así como o calendario previsto polo Goberno galego para axilizar as pendentes



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 13:49
Nº Rexistro: 6097
Data envío: 06/03/2017 13:49:17.538



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

As organizacións sindicais están a denunciar que tan só 43 novos empregados públicos teñen accedido á Administración Xeral da Xunta das 1.333 prazas ofertadas pola Consellería de Facenda nos distintos procesos de Oferta de Emprego Público dos últimos seis anos, tanto de promoción interna como de acceso libre. Segundo datos da propia Dirección Xeral de Función Pública, a 31 de xaneiro deste ano só foi convocado o 20,3 % de prazas (271) mentres aínda están pendentes de convocar 1.019 postos, o 76,44 % do total. É dicir, tan só teñen finalizado o proceso de selección do 3,2 % de toda a oferta de emprego anunciada desde 2012.

Loxicamente os sindicatos consideran estes datos alarmantes e devastadores para o bo funcionamento dos servizos públicos e poñen en dúbida as rimbombantes declaracións do presidente de la Xunta de Galicia cando publicita as ofertas de emprego público en Galicia como un alarde da recuperación económica.

Consideran, e consideramos, un exercicio de cinismo que Feijoo denuncie o “bloqueo institucional” dos orzamentos do Goberno central como escusa para non convocar os procesos selectivos previstos para 2017, cando a propia Xunta bloquea as OPE da Administración Xeral de maneira reiterada desde hai seis anos.

Ante a gravidade destas denuncias, e considerando a situación límite que está a acadar nos servizos públicos de Galicia a taxa de temporalidade laboral, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son os datos exactos de execución das convocatorias de Administración Xeral derivadas das ofertas de emprego público aprobadas entre 2012 e 2016?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 13:49
Nº Rexistro: 6097
Data envío: 06/03/2017 13:49:17.538



Grupo Parlamentario

2ª) Cales son as razóns desta deficiente e ineficaz execución?

3ª) Que medidas e que calendario ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para axilizar todas as convocatorias pendentes?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/03/2017 13:42:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/03/2017 13:42:55

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/03/2017 13:43:01

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.22 6635(10/POC-001977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre os plans do Goberno galego para a renovación da frota de vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia, a súa cronoloxía e da otación orzamentaria



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 11:14
Nº Rexistro: 6635
Data envío: 15/03/2017 11:14:08.623



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Losada Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O SUP (Sindicato Unificado de Policía) manifesta que a flota de vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia atópase na "situación máis precaria dende a súa creación, fai xa máis de 25 anos".

Na Xefatura de Santiago de Compostela, 33 vehículos, de un total de 45, teñen máis de 10 anos de antigüidade, o 73 %. Na da Coruña, 5 vehículos de un total de 12, superan os 10 anos, o 42 %. En Lugo son 6 de 12 vehículos, os que teñen una antigüidade superior a 10 anos, o 50 %. En Ourense, teñen máis de 10 anos, 13 dos 18 vehículos, o 72 %. En Pontevedra, son 7 de 13 vehículos los que superan los 10 años, o 54 %. E por último, en Vigo, 9 dos 13 vehículos adscritos a esa unidade teñen máis de 10 anos, o 70 %.

En total, de 113 vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia, 73 teñen máis de dez anos de antigüidade, dous de cada tres.

Tanto a Dirección Xeral de Tráfico, como os expertos aseguran que, coa maior antigüidade do vehículo, aumenta notablemente o risco de un accidente grave con consecuencias irreparables para as persoas.

Esta información contrastada, non é compatible coa existencia de vehículos con 18 anos de uso e mais de 350.000 quilómetros realizados.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Existe na Xunta de Galicia un plan de substitución da flota de vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia?
2. De existir, cales son eses plans de renovación da flota de vehículos policiais de esta Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia?
3. Cal é a cronoloxía e a dotación orzamentaria de estes plans de renovación?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/03/2017 11:12:58

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/03/2017 11:13:04

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2017 11:13:08

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.23 6681(10/POC-002006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as denuncias do Comité de Empresa da CRTVG referidas á
supresión no programa "Galicia noticias serán" da TVG dunha
parte da información referida á produción de ostras en
Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 12:42
Nº Rexistro: 6681
Data envío: 15/03/2017 12:42:45.792



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social.

O Comité de Empresa de CRTVG denunciou recentemente que o pasado 6 de marzo no programa 'Galicia Serán' da Televisión de Galicia emitiron unha noticia "premeditadamente recortada" para eliminar partes que se emitiran na edición do mediodía, feito polo cal o redactor desa peza lle pide amparo. A peza informativa elaborada por un redactor de longa traxectoria e recoñecido prestixio, trataba sobre o cultivo de ostras en Galicia baseado en entrevistas feitas na Universidade de Santiago de Compostela a un equipo de investigación en acuicultura.

Na edición da tarde, Galicia Noticias Serán,"esa nova ficou mutilada" denuncia o comité, "como o mesmo traballador afirma, aínda que mantiveron a súa "voz en off". Con esa manobra, sosteñen, quíxose evitar que os espectadores "puideran escoitar a declaración dun técnico que criticaba a actitude do goberno autonómico na cría e cultivo de moluscos en Galicia".

Segundo a denuncia do comité, tamén suprimiron o parágrafo final da noticia, que dicía: "Este especialista en cultivo de moluscos afirma que á Xunta de Galicia non lle interesa aumentar a produción destas especies e lembra que nas depuradoras galegas predomina o marisco foráneo".

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a CRTVG sobre a denuncia presentada polo Comité de Empresa acerca do retallo efectuado na nova descrita na exposición de motivos?
2. Por que se realizou dito retallo da peza informativa?
3. Por que non considerou a CRTVG interesante a opinión dun experto en acuicultura a respecto das políticas do Goberno galego en materia de acuicultura?
4. Ten previsto a CRTVG emitir de novo a peza informativa completa?
5. Que medidas ten previsto poñer en marcha para o mantemento do pluralismo ideolóxico e social na compañía de radiotelevisión pública galega?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/03/2017 12:32:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/03/2017 12:32:40

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.24 6694(10/POC-001907)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre os datos referidos aos custos de papel e tinta dos
xulgados de Galicia nos anos 2015, 2016 e 2017, por cada un
dos partidos xudiciais da cada unha das provincias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 12:53
Nº Rexistro: 6694
Data envío: 15/03/2017 12:53:26.339



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O día 10 de novembro de 2016, esta deputada solicitaba, en virtude do artigo 9 do regulamento do Parlamento de Galicia, copia dos custos de papel e tinta dos xulgados de Galicia durante o ano 2015 e o que ía de ano 2016, relacionando os custos de cada partido xudicial de cada provincia da Comunidade Autónoma.

Cando se producía a comparecencia do vicepresidente da Xunta de Galicia, tivo noticia de que o Goberno galego xa tramitara a información ao Parlamento de Galicia, mais nada se sabe dende entón. Estamos no mes de marzo e non hai noticia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cales foron os custos de papel e tinta dos Xulgados de Galicia durante o ano 2015, 2016 e o que vai de ano 2017, relacionando os custos de cada partido xudicial de cada provincia da Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 12:53
Nº Rexistro: 6694
Data envío: 15/03/2017 12:53:26.339



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/03/2017 12:48:15

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2017 12:48:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2017 12:48:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.25 6700(10/POC-001908)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa suficiencia dos recursos orzamentarios destinados no ano 2017 para a Administración de xustiza en Galicia, a recadación acadada na comunidade autónoma dende a entrada en vigor das taxas xudiciais ata a súa derogación e a contía asignada polo Goberno central por esa recadación



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 12:54
Nº Rexistro: 6700
Data envío: 15/03/2017 12:54:49.652



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna, esencial para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia.

Desgraciadamente, o orzamento de gasto en actuacións relativas á Administración de xustiza para o exercicio 2017 é raquíutico, ademais de investir escasamente en infraestruturas xudiciais e non comprometer nin un euro das cantidades recadadas en Galicia polas taxas impostas polo Goberno de Mariano Rajoy.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que é suficiente a cantidade presupostada no 2017 para a Administración de xustiza na nosa Comunidade Autónoma?
2. Que cantidade foi recadada en Galicia dende que entraron en vigor as novas taxas xudiciais para as persoas físicas ata a súa derogación?
3. Que cantidade foi asignada polo Goberno do Estado pola recadación das taxas xudiciais na nosa Comunidade Autónoma?
4. Considera o Goberno galego que esa cantidade é suficiente? Se a resposta fose negativa, vai esixir máis?
5. Xa ten recibido Galicia esta cantidade?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 12:54
Nº Rexistro: 6700
Data envío: 15/03/2017 12:54:49.652



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/03/2017 12:51:17

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2017 12:51:23

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2017 12:51:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.26 6759(10/POC-001173)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións formativas para o persoal do Corpo Nacional de Policía e da Garda Civil levadas a cabo na Academia Galega de Seguridade Pública dende o asinamento do último convenio de colaboración co Ministerio do Interior para ese fin, así como as previstas nos próximos meses

Publicación da iniciativa, 93, 30.03.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6759
Data envío: 16/03/2017 19:10:26.785

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Marian García Miguez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

O principal fin da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) é a formación en materia de seguridade e emerxencias das persoas profesionais que se dedican a este ámbito en Galicia. Co paso dos anos, a AGASP está a ampliar o seu ámbito de actuación, pasando a formar a efectivos das policía locais de Galicia, a efectivos da Policía Autonómica, dos Consorcios Provinciais de Bombeiros, dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais ou das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil.

Non obstante, segue a ser vontade da AGASP converterse no principal centro de coñecementos en materia de seguridade pública de Galicia e abarcar a formación do máximo persoal posible. De aí a súa habilitación para impartir formación a persoal das empresas de seguridade privada ou a sinatura de diversos convenios para ampliar o seu alumnado obxectivo a novos colectivos profesionais.

En particular, temos coñecemento da sinatura dun convenio coa fin de organizar e realizar nas materias de seguridade pública, en colaboración co Ministerio Competentes en materia de xustiza e interior, actividades dirixidas á formación dos Corpos e forzas de seguridade do Estado e da policía adscrita, a través do asinamento dos oportunos convenios de colaboración.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Oraís en Comisión**:

-Qué accións formativas para persoal do Corpo Nacional de Policía e da Guarda Civil teñense levado a cabo na Academia Galega de Seguridade Pública dende a sinatura do último convenio co Ministerio do Interior?.

-Qué actuacións están previstas para avanzar nesa liña nos próximos meses?.

Santiago de Compostela, 17 de Marzo de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6759
Data envío: 16/03/2017 19:10:26.785

Paula Prado Del Río na data 16/03/2017 19:08:01

María Ángeles García Míguez na data 16/03/2017 19:08:14

César Manuel Fernández Gil na data 16/03/2017 19:08:33

María Isabel Novo Fariña na data 16/03/2017 19:08:41

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/03/2017 19:08:54

Alberto Pazos Couñago na data 16/03/2017 19:09:07

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/03/2017 19:09:29

Jacobo Moreira Ferro na data 16/03/2017 19:09:45

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.27 6814(10/POC-001909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posible incidencia, na eliminación da arbitrariedade na actuación dos poderes públicos, da exixencia de que o indulto se acompañe das razóns para a súa concesión, así como da motivación dos reais decretos de indulto, e a posición do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da modificación da Lei do 18 de xuño de 1870, de regras para o exercicio da graza de indulto, co fin de prohibilo nos casos de corrupción



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 16:56
Nº Rexistro: 6814
Data envío: 20/03/2017 16:56:40.801



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Expresamente recoñecido na Constitución de 1978, en concreto, no seu artigo 62.i), o exercicio do dereito de gracia atópase regulado na lei de 18 de xuño de 1870, modificada no ano 1988.

É certo que o Tribunal Supremo ten fixado unha liña xurisprudencial reiterada pola que entende o indulto como un acto controlable en vía xurisdiccional, pero só nos seus aspectos formais, polo que se ten excluído ata o de agora sobre a motivación da decisión de indulto. Mais tamén é necesario comprendelo como un recurso excepcional, só democraticamente asumible cando na súa concesión concorran razóns de Xustiza, equidade ou utilidade pública e sen perder de vista a súa incidencia na reinserción social do condenado, para así cumprir coa finalidade do artigo 25 da Constitución.

Claramente, este grupo parlamentario entende que non está xustificado o seu uso nos casos de corrupción. Por outro lado, a prohibición da arbitrariedade na actuación dos poderes públicos que consagra o artigo 9.3 da Constitución supón a prohibición de toda actuación sen xustificación, polo que este artigo impide que a discrecionalidade que en determinados ámbitos gozan os poderes públicos no seu labor sexa sinónimo de arbitrariedade. E o mellor modo de evitar unha conduta arbitraria é esixir que todo indulto, total ou parcial, veña acompañado das razóns para a súa concesión, é dicir, que os reais decretos de indulto sexan motivados. Porque a transparencia ha de presidir a actuación de todas as administracións.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que a transparencia é un principio que debe presidir a actuación de todas as administracións?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Comparte o Goberno galego que a esixencia de que o indulto se acompañe das razóns para a súa concesión eliminará a arbitrariedade na actuación dos poderes públicos?
3. Comparte o Goberno galego que esixir que os reais decretos de indulto sexan motivados eliminará a arbitrariedade na actuación dos poderes públicos?
4. Apoia o Goberno galego que se esixa ao Goberno do Estado a modificación da Lei do indulto de 1870 para prohibilo nos casos de corrupción?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/03/2017 16:54:33

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/03/2017 16:54:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/03/2017 16:54:42

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.28 7010(10/POC-001868)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas queixas e denuncias formuladas respecto da licitación actual dos servizos de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia, as razóns existentes para non dividir o contrato en lotes, así como as medidas previstas para facilitarlles ás pemes o acceso aos contratos públicos autonómicos, e, en concreto, no sector da limpeza de edificios e locais



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 16:57
Nº Rexistro: 7010
Data envío: 23/03/2017 16:57:34.548



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Comité de Empresa de Compostela do Grupo Norte-Limpeza da Xunta de Galicia dirixiuse aos grupos parlamentarios para expoñer irregularidades que están a apreciar na licitación actual dos servizos de limpeza de edificios administrativos da Xunta de Galicia.

Pola súa parte, as catro asociacións provinciais de Empresarios da Limpeza de Edificios e Locais veñen de transmitir a súa preocupación e inquedanza neste sector pola convocatoria deste "macroconcurso".

Concretamente, refírense os axentes económicos e sociais á licitación anunciada pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza mediante Resolución publicada no DOG núm. 17 do 25 de xaneiro de 2017, suxeita a regulación harmonizada, *do servizo de limpeza dos edificios administrativos e outros locais do sector público autonómico e doutros organismos e administracións adheridos a este sistema de contratación centralizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, adxudicación baseada en multicriterios e como anticipado de gasto.*

O valor total estimado deste contrato ascende a 45.103.279,32 euros, sen división en lotes, e con un prazo de execución de vinte e catro meses, prorrogable por un prazo máximo igual ao do contrato.

O prazo de presentación de ofertas ten rematado o pasado 13 de febreiro de 2017, e con data 23 de febreiro realizouse a apertura do sobre B "Documentación relativa aos criterios de adxudicación non avaliábeis automaticamente".

O dito Comité de empresa esixe a paralización desta licitación xa que por parte da Consellería non se lle ten enviado a documentación relativa á oferta presentada pola actual adxudicataria, que contén información de carácter laboral precisa para verificar o cumprimento do contrato e a corrección das prescricións



Grupo Parlamentario

da actual licitación en materia de cadro de persoal, compromisos de substitucións e quendas de traballo.

Neste sentido, obsérvase que son moitas as consultas e dúbidas que as empresas interesadas formularon no perfil do contratante para esta licitación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As asociacións empresariais do sector consideran que mentres a normativa comunitaria, e a propia lexislación da Xunta de Galicia, camiña decididamente a favor de facilitar o acceso das Pemes aos contratos públicos, paradoxalmente, na práctica encontrámonos coa decisión do Goberno galego, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de licitar este concurso para os servizos de limpeza dos edificios administrativos e outros locais da Xunta por un importe de 45 millóns de euros, impedindo de forma clara a participación das pequenas e medianas empresas do sector. O importe acumulado deste contrato, a falta de división en lotes, exclúe directamente ás Pemes, que non poden facer fronte ás condicións económicas desta licitación.

Ante esta situación os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto a Xunta de Galicia continuar con esta licitación sen ter en conta as queixas e as denuncias formuladas tanto polo Comité de empresa como polas asociacións provinciais de empresarios de limpeza?

2ª) Considerando o obxecto do contrato, a variedade e a distribución xeográfica e funcional dos centros incluídos nos servizos que se licitan, cal é razón de non dividir en lotes este contrato?

3ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para facilitar o acceso das Pemes aos contratos públicos autonómicos con carácter xeral, e con carácter concreto no sector dos servizos de limpeza de edificios e locais?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/03/2017 16:25:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 16:57
Nº Rexistro: 7010
Data envío: 23/03/2017 16:57:34.548



 **Grupo Parlamentario**

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/03/2017 16:25:28

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2017 16:25:37

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/03/2017 16:25:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.29 7143(10/POC-001869)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para
erradicar as posibles prácticas laborais antiembarazo no
ámbito dos clubs deportivos de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 10:44
Nº Rexistro: 7143
Data envío: 28/03/2017 10:44:03.028



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e María Luisa Pierres López, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

De forma reiterada, afectados e medios de comunicación veñen denunciando a práctica por parte de algúns clubs de ligas femininas de baloncesto (aínda que a cuestión pode estar suscitada en máis deportes) de incluír nos contratos de traballo asinados coas súas xogadoras cláusulas en virtude das que as entidades estarían facultadas para resolver unilateralmente a relación laboral no suposto de que as deportistas non puideran prestar o seus servizos temporalmente polo feito de estar embarazadas, ao considerarse este feito unha "deficiente conduta profesional" (termo este empregado literalmente no texto dos contratos).

Tamén desde a Asociación de Mulleres Deportistas Galegas (Mudega) se está a denunciar esta práctica laboral abusiva, que vulnera de forma flagrante o dereito laboral e que, sinaladamente, é contraria ao principio constitucional de igualdade. Estas cláusulas ("anti-embarazo") serían así nulas de pleno dereito.

O artigo 14 da Constitución española indica, dentro do título correspondente aos dereitos fundamentais, que os cidadáns no poderán ser discriminados por diferentes motivos, entre eles, por cuestións de sexo. Neste sentido, o Tribunal Constitucional, en interpretación do citado precepto, ten reiterado en numerosas ocasións (véxase STC 92/2008 e STC 124/2009) que o tratamento diferenciado por causas ligadas ao embarazo constitúe efectivamente unha discriminación directa por razón de sexo e en consecuencia unha vulneración do principio de igualdade.

Na sentenza 17/2003, do 30 de xaneiro de 2003, o TC estableceu que *“a protección da muller non se limita á da súa condición biolóxica durante o embarazo e despois deste, nin ás relacións entre a nai e o fillo durante o período que segue ao embarazo e ao parto, senón que tamén, no ámbito estrito do desenvolvemento e vicisitudes da relación laboral, condiciona as potestades organizativas e disciplinarias do empresario evitando as consecuencias físicas e psíquicas que medidas discriminatorias poderían ter na saúde da traballadora e*



 Grupo Parlamentario

afianzando, ao mesmo tempo, todos os dereitos laborais que lle corresponden na súa condición de traballadora ao quedar prohibido calquera prexuízo derivado daquel estado”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por isto, o lexislador configurou un mecanismo de garantía reforzada na tutela das traballadoras embarazadas que se plasma na Lei orgánica 3/2007 de igualdade efectiva de homes e mulleres, no Estatuto de los traballadores máis no RD 5/2000 que refunde a Lei sobre infraccións e sancións na orde social (LISOS).

Sexa por acción ou por omisión, o que parece claro é que determinados xestores de entidades deportivas non están á altura do sacrificio que realizan as profesionais do deporte, as que, aínda priorizando a súa carreira profesional, están no su lexítimo dereito de poder conciliar si o estiman oportuno a súa vida persoal, familiar e laboral dentro das posibilidades que outorga a lexislación laboral, ao igual que sucede co resto de traballadores.

Pero ademais, cómpre advertir, que no noso país non existen ligas profesionais, e isto está xogando a favor do denominado traballo non declarado, do que fala a Unión Europea, en no que subxace moito deporte feminino profesional. O que corresponde, polo tanto, é un exercicio de responsabilidade por parte da Administración deportiva para non admitir estas praxes, polo lesivas que son para as mulleres deportistas profesionais.

Debemos tamén lembrar que a propia OIT establece que o embarazo non constituirá causa xustificada para a terminación da relación de traballo. De feito, o artigo 4.1 da Recomendación nº 95 da OIT establece que será ilegal o despedimento das mulleres embarazadas desde o momento no que notificasen o embarazo ao empresario por medio de certificado médico.

Finalmente remarcar que o noso país asinou a Declaración sobre igualdade de oportunidades e de trato para as traballadoras no ano (xa) 1975, que no seu artigo 8.1. dispón que a muller embarazada estará protexida contra todo despido por razón da súa condición durante todo o período de embarazo.



Grupo Parlamentario

Por todo o relatado, resulta inaprazable, ante as prácticas denunciadas, esixir responsabilidades ás nosas administracións do deporte por este desleixo na obriga de velar polo verdadeiro e inmediato cumprimento das normas e dereitos fundamentais expostos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Desde o Grupo dos Socialistas de Galicia esiximos a inmediata actuación da Administración deportiva para poñer fin a esta práctica laboral discriminatoria coa mulleres deportistas, en flagrante vulneración do dereito fundamental a non discriminación por razón de sexo.

Ante esta situación o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

No caso da existencia das prácticas laborais “anti-embarazo” no ámbito dos clubs deportivos da nosa comunidade autónoma, que actuacións ten desenvolvido o Goberno galego para erradicar esta práctica laboral discriminatoria coa muller deportista?

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/03/2017 10:39:41

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/03/2017 10:39:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2017 10:40:03

Julio Torrado Quintela na data 28/03/2017 10:40:07

María Luisa Pierres López na data 28/03/2017 10:40:14

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.30 7397(10/POC-002082)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre as razóns da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza para non elixir o réxime
de concorrencia competitiva para a convocatoria de
subvencións dentro do Plan específico extraordinario de
investimentos destinados á mellora de infraestruturas e
equipamentos nos concellos de Galicia, os datos referidos á
presentación das solicitudes formuladas polos concellos da
provincia de Ourense e os criterios seguidos para a concesión
das subvencións, así como a convocatoria de máis axudas no
ano 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2017 09:58
Nº Rexistro: 7397
Data envío: 31/03/2017 09:58:26.356



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No DOG do 27 de xuño de 2016 a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicou a Orde do 14 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, dentro do Plan específico extraordinario de investimentos destinados á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia.

A dita orde de subvencións dotada de dous millóns de euros estaba dirixida aos concellos de menos de 10.000 habitantes e para investimentos de mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais:

- Obras de saneamento e abastecemento de auga.
- Pavimentación de vías públicas municipais.
- Reformas de edificios e instalacións municipais.
- Dotación de equipamentos relacionados con calquera das liñas anteriores.

Polo que se trata de axudas importantes para que os nosos concellos poidan acadar unha serie de servizos municipais que facilitan a vida da nosa cidadanía.

O curioso é que o Goberno galego fai esta convocatoria en réxime de concorrència non competitiva, amparándose na Lei 9/2007, do 13 de xuño, que no seu artigo 19.2 establece que as bases reguladoras das convocatorias de axuda poderán executar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas. Establecendo unha importante desigualdade de oportunidades entre os concellos potencialmente beneficiarios, acadando a

axuda o que chega antes ou ten antes a información.

O crédito inicial esgotouse, segundo a Resolución do 28 de xullo de 2016, e o 16 de agosto de 2016 publícase a Orde do 9 de agosto pola que se amplía o crédito existente en 455.000,69 €.

No DOG do 21 de marzo publicábase a *Resolución do 24 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 14 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, dentro do Plan específico extraordinario de investimentos destinado á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia (Diario Oficial de Galicia número 120, do 27 de xuño)*. Ao revisar o listado de concellos que resultaron beneficiados por estas axudas, puidemos constatar o que xa advertíramos dende o Grupo Socialista no momento da publicación da convocatoria, que baixo a utilización do procedemento de concorrència non competitiva, agóchase a intención do Goberno galego de empregar o seu orzamento para facer partidismo, e beneficiar aos concellos gobernados polo PP, algo que resulta especialmente escandaloso no caso da provincia de Ourense, onde das 23 axudas concedidas, 21 foron a parar a concellos gobernados polo PP.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que motivo o Goberno galego non convocou esta subvención en réxime de concorrència competitiva, para que todos os concellos que cumprían cos requisitos tivesen as mesmas oportunidades?
2. Cal é a data de entrada de solicitude das subvencións de cada un dos concellos da provincia de Ourense beneficiarios/as das mesmas?
3. Por que considera a Xunta de Galicia que dos/das beneficiarios/beneficiarias destas axudas, case o 100 % foron a parar a concellos gobernados polo PP?
4. Tendo en conta que son moitas as necesidades de concellos da provincia de Ourense, en investimentos de mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, que non resultaron beneficiarios desta convocatoria, ten previsto a Xunta de Galicia convocar durante este

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

ano máis axudas para entidades locais?

5. En caso afirmativo, a convocatoria das axudas será en réxime de
concorrenza non competitiva?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 31/03/2017 09:50:33

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/03/2017 09:50:39

Raúl Fernández Fernández na data 31/03/2017 09:50:41

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/03/2017 09:50:46

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/03/2017 09:50:51

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.31 7673(10/POC-001918)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego
para visibilizar o papel das mulleres no deporte e favorecer
a súa práctica en condicións de igualdade



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 11:47
Nº Rexistro: 7673
Data envío: 06/04/2017 11:47:17.727



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, María Luisa Pierres López e María Dolores Toja Suárez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Primeira Conferencia Mundial sobre a Muller e o Deporte desenvolveuse en 1994 en Brighton (GB), da que saíu a Declaración de Brighton e a creación do Grupo de Traballo Internacional sobre a Muller e o Deporte.

En 1995 incluíuse o deporte no Programa de Acción de Beijing e despois no documento de seguimento Beijing+5, cinco anos máis tarde.

A Segunda Conferencia Mundial sobre a Muller e o Deporte tivo lugar en 1998 en Windhoek, Namibia. A chamada á *Acción de Windhoek* pretendía ser máis ca un simple chamamento á maior participación da muller en actividades e organizacións deportivas, senón facer do deporte un medio para alcanzar obxectivos máis vastos en materia de saúde, educación e dereitos humanos, idea retomada pola Terceira Conferencia Mundial sobre a Muller e o Deporte en 2002 en Montreal, Canadá.

Esta óptica integra o deporte en proxectos de desenvolvemento comunitario, en campañas de información sobre a saúde e outros temas, así como en campañas nacionais de promoción da equidade de xénero e dos dereitos humanos.

O Consello Superior de Deportes de España, como órgano reitor para temas deportivos aprobou o 29.01.2009 o “Manifesto pola igualdade e a participación da muller no deporte” e o 6 de marzo de 2012 fixo a adopción formal da declaración de Brighton.

O 13 de abril de 2012 publicouse no DOG a Lei 3/2012, do 2 de abril, de deportes de Galicia, na que no seu artigo 3 recolle os seus principios reitores que, entre outros, recolle o dereito de toda a cidadanía a coñecer e practicar deporte en termos de igualdade e adaptada ás condicións de cada individuo, así como o

 Grupo Parlamentario

impulso da participación da muller en todos os ámbitos da actividade deportiva e a optimización e complementariedade dos recursos públicos existentes e a concorrencia da participación privada.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O propio informe de impacto de xénero no Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2017, no programa 441A-Promoción da actividades deportiva, establece que as actuacións que se financian dentro deste programa de gasto teñen como obxectivos prioritarios a explotación das funcionalidades do deporte, a xeneralización e accesibilidade da práctica do deporte e da actividade física mediante a súa incorporación á vida cotiá da cidadanía; a mellora e dotación de novas infraestruturas; o apoio aos axentes deportivos na promoción e crecemento do deporte ou o perfeccionamento nas áreas de docencia, formación e tecnificación do deporte.

Polo que o obxectivo que se pretende é acadar un deporte máis xusto sen discriminación, onde os recursos, as oportunidades e os recoñecementos sexan distribuídos de forma equitativa.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego a través dos medios públicos fomentar as actividades deportivas das mulleres para que se visibilice amplamente o seu papel na área deportiva?

2ª) Pensa o Goberno galego establecer algún plan para visibilizar as mulleres galegas que destacan nas distintas disciplinas deportivas co fin de crear referentes para as rapazas máis novas ou que comezan a súa práctica deportiva?

3ª) Considera o Goberno galego que é preciso empregar os medios de comunicación públicos, en horario de máxima audiencia, como plataforma de coñecemento do deporte feminino, así como das mulleres deportistas destacadas nas distintas disciplinas deportivas?

4ª) Ten previsto o Goberno galego asinar convenios cos medios de comunicación e clubs privados que teñan algún contrato coa Administración autonómica, co gallo de que dean información sobre o papel da muller no deporte, emitindo programas



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2017 11:47
Nº Rexistro: 7673
Data envío: 06/04/2017 11:47:17.727



 Grupo Parlamentario

deportivos femininos e informando das mulleres referentes nas distintas disciplinas deportivas?

5ª) Ten previsto o Goberno galego elaborar campañas informativas nos centros escolares sobre o deporte en xeral, favorecendo a práctica deportiva dos nenos e das nenas en termos de igualdade e derrubando estereotipos, facendo visible o papel da muller no deporte?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 31 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/04/2017 11:42:36

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/04/2017 11:42:45

María Luisa Pierres López na data 06/04/2017 11:43:00

María Dolores Toja Suárez na data 06/04/2017 11:43:05

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.32 7801(10/POC-001872)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da revisión do
borrador do decreto polo que se regula o réxime de
contratación de persoal investigador laboral da
Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de
considerar as principais inquiredanzas do colectivo de
investigadores



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2017 16:59
Nº Rexistro: 7801
Data envío: 07/04/2017 16:59:54.672



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Abel Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e María Concepción Burgo López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No mes de marzo de 2016 a Consellería de Facenda iniciou a tramitación do proxecto de *Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*.

Na Proposición non de lei presentada polo Grupo Parlamentario Popular na sesión plenaria do pasado 24 de xaneiro deste ano, na que se insta á Xunta de Galicia a aprobar este decreto, sinalase que a finalidade desta norma é dotar a nosa Comunidade Autónoma dun marco normativo que recolla a importancia que ten o capital humano con maior formación de cara ao progreso e á mellora da calidade de vida dos cidadáns e teña en conta as reiteradas demandas dos membros do colectivo de científicos españois no estranxeiro e doutros colectivos sensibles ás devanditas demandas. Continúa sinalando aquela proposición que Galicia non pode permanecer impasible ante o déficit de persoal altamente formado en tarefas de I+D+i e TT ... en aras de acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador ...

Non obstante, precisamente colectivos de investigadores que veñen prestando servizos con diferentes problemáticas laborais en centros de investigación dependentes da Xunta de Galicia teñen presentado alegacións e mostrado as súas queixas a respecto deste proxecto de decreto.

O colectivo de investigadores observa que o proxecto é incompatible precisamente co desenvolvemento da carreira investigadora e cos obxectivos propostos nas avaliacións que definirían a renovación de contratos. Denuncian que esta norma excluiría a posibilidade de que a nosa Comunidade puidera contar con investigadores estables, dificultando así a capacidade de atracción e retención de talento en todas as áreas de investigación alleas á Universidades. En definitiva, subliñan, o decreto, na súa actual redacción, frea a capacidade de Galicia para avanzar, innovar e reverter os beneficios da investigación á sociedade.



Grupo Parlamentario

A falta de previsións sobre o persoal de apoio á investigación, a non clarificación entre os supostos de axudas concedidas por outras institucións respecto dos proxectos financiados con fondos propios, a falta de referencias nos contratos predoutorais á realización da tese e, polo tanto, a súa imbricación coas universidades, ou esquecer a traxectoria seguida pola propia Xunta de Galicia con relación aos investigadores contratados con cargo a programas como Ángeles Alvariño, Parga Pondal ou Manuel Colmeiro, son eivas graves que esixen reconducir e revisar o devandito proxecto de decreto con urxencia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Ten previsto a Xunta de Galicia revisar con carácter urxente os termos do proxecto de *Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*, de xeito que se poidan ter en conta as principais inqueданzas do colectivo de investigadores?

Pazo do Parlamento, 7 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/04/2017 16:56:57

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/04/2017 16:57:08

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/04/2017 16:57:15

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/04/2017 16:57:21

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.33 8117(10/POC-002090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as presuntas irregularidades detectadas na xestión de
fondos europeos en Galicia e, nomeadamente, na dos
correspondentes ao Plan Leader II no concello de Arnoia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 12:10
Nº Rexistro: 8117
Data envío: 20/04/2017 12:10:38.611



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Xulgado de Instrución de Ribadavia decretou recentemente a apertura de xuízo oral contra o ex delegado da Xunta en Ourense e ex alcalde da Arnoia, o popular Rogelio Martínez González. Con esta decisión ábrese unha nova fase nun proceso que leva vivo dende hai máis de 12 anos.

As continuas denuncias do Grupo Socialista e dos demais grupos da oposición contra o ex máximo representante da Xunta de Galicia en Ourense, recollen un presunto quebranto da lei na xestión de fondos procedentes do Plan Leader II, ao presuntamente certificar e cobrar axudas por obras que en realidade non se executaron. A iniciativa comunitaria Leader II actúa sobre ámbitos comarcais, naquelas zonas rurais con maiores problemas de desenvolvemento socioeconómico, en especial: despoboamento, envellecemento e baixo nivel de rendas. Os proxectos, iniciados entre 1999 e 2001, referíanse a unha planta de biomasa e cinco talleres no concello de Arnoia.

O Ministerio de Facenda xa detectou esas irregularidades e reclamou en 2007 os 51.963 euros que xestionou o Grupo de Acción Local Ceivam, presidido por Rogelio Martínez.

No procedemento están implicados tamén o ex concelleiro do PP de Arnoia, Gumersindo Álvarez Rodríguez; o arquitecto técnico municipal; tres empresarios locais; máis directivos de Ceivam; así como outros cinco demandantes de axudas para a construción dos talleres artesanais.

Segundo se recolle no relato dos feitos que describe o auto xudicial, o Grupo Ceivam era o encargado de tramitar axudas europeas para os investimentos particulares e en outubro de 1999 recibiu a solicitude do acusado Gumersindo Álvarez, que era concelleiro de Arnoia pero tamén administrador dunha empresa de actividades culturais que pedía unha subvención para construír unha planta de



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

biomasa. Ceivam aceptou tramitala e o seu presidente, Rogelio Martínez, asinou o contrato de axuda para un proxecto de 78.000 euros. O beneficiario comunicou en marzo de 2000 que se iniciaban as obras e certificouse a construción dunha planta de biomasa e compra de maquinaria a pesares de que sabía que non se executara a nave, senón que se levou a cabo a reconstrución dun galpón nun monte comprado previamente polo Concello. O mesmo procedemento seguiuuse coa maquinaria que non se chegou a comprar e todo iso, presuntamente, coa finalidade de obter a subvención.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a utilización dos fondos Leader II en Arnoia?

2ª) Comunicou o Goberno galego algunha irregularidade á Oficina Europea da Loita contra o Fraude (OLAF) a respecto da xestión dos fondos Leader II no Concello de Arnoia?

3ª) En caso afirmativo, en que data se realizou a dita comunicación?

4ª) Cantas irregularidades acerca da xestión de fondos europeos en Galicia comunicou a Xunta desde o ano 2009 ata a actualidade á Oficina Europea da Loita contra a Fraude (OLAF)?

5ª) A que proxectos se referían as ditas irregularidades detectadas polo Goberno galego, e comunicadas á OLAF?

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/04/2017 12:04:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 12:10
Nº Rexistro: 8117
Data envío: 20/04/2017 12:10:38.611



 **Grupo Parlamentario**

Raúl Fernández Fernández na data 20/04/2017 12:04:48

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/04/2017 12:04:56

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/04/2017 12:05:04

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.34 8576(10/POC-001876)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para
solucionar a situación das persoas galegas emigrantes en
Venezuela



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2017 13:40
Nº Rexistro: 8576
Data envío: 03/05/2017 13:40:29.543



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O informe anual *Venezuela 2016/2017* de Amnistía Internacional é especialmente preocupante.

Segundo este informe, o Goberno declarou o Estado de excepción e prorrogouno catro veces. A maioría das persoas sospeitosas de ser responsables de crimes de dereito internacional e violacións de dereitos humanos cometidos durante as protestas de 2014 aínda non compareceron ante a xustiza. Continua a violencia e o amontoamento nos cárceres. As sobreviventes da violencia de xénero enfrontábanse a considerables obstáculos para acceder á xustiza. Buscando o seu descrédito, lanzábanse frecuentes campañas de discriminación contra periodistas e defensores e defensoras dos dereitos humanos, que tamén sufrían agresións e intimidación. Seguiuse encarcerando a persoas críticas co Goberno e a membros da oposición política. Denunciouse o uso excesivo da forza por parte da policía e das forzas de seguridade.

A maioría das sentenzas e das ordes sobre Venezuela ditadas pola Corte Interamericana de Dereitos Humanos aínda non se cumpriran ao rematar o ano 2016.

A escaseza de alimentos e medicamentos intensificouse de xeito alarmante, o que desatou protestas en todo o país.

En outubro, o alto comisionado das Nacións Unidas para os dereitos humanos declarou que varios relatores especiais tiveran dificultades para visitar o país porque o Goberno non lles concedía os permisos pertinentes.



Grupo Parlamentario

En contra do disposto polas normas internacionais de dereitos humanos, xulgase a civís perante os tribunais militares. As forzas policiais negábanse a cumprir as ordes de posta en liberdade ditadas polos tribunais.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Tribunal Supremo de Xustiza limitou drasticamente mediante resolucións as facultades da Asemblea Nacional, con maioría da oposición, o que entorpecía a capacidade dos deputados e deputadas para representar aos pobos indíxenas. O Tribunal Supremo tamén anulou unha declaración parlamentaria sobre a non discriminación relacionada coa orientación sexual e a identidade de xénero, e unha declaración que pedía o cumprimento das decisións adoptadas polas organizacións intergobernamentais.

A retirada do país da xurisdición da Corte Interamericana de Dereitos Humanos (efectiva desde 2013) continuou privando do acceso á xustiza, á verdade e á reparación ás vítimas de violacións de dereitos humanos e as súas familias.

Segundo o Observatorio Venezolano de Conflitividade Social, durante o ano 2016 rexistráronse aproximadamente 590 manifestacións ao mes. A maioría estaban relacionadas con demandas de dereitos económicos, sociais e culturais, en particular co acceso a alimentos, saúde e vivenda.

Seguiuse a encarcerar a persoas que se opoñían politicamente ao Goberno. Segundo o Foro Penal Venezolano, máis dun cento de persoas estaban retidas por razóns políticas.

O Comité de Dereitos Humanos da ONU expresou preocupación sobre os informes de abusos cometidos polo exército contra os pobos indíxenas establecidos na Guajira, Estado Zulia, na fronteira con Colombia.

A crise económica e social no país seguiu empeorando. Ante a falta de estatísticas oficiais, axencias privadas e independentes, como o Centro de Documentación e Análises para os Traballadores (Cenda), informaron de que desde novembro de 2015 ata outubro de 2016 houbo unha inflación do 552 % nos produtos alimentarios, o que dificultaba enormemente á poboación a compra de alimentos, incluso cando os encontraban. Segundo o Observatorio Venezolano da Saúde, o 12,1 % da poboación comía unicamente dúas veces ao día. A



Grupo Parlamentario

Fundación Bengoa para a Alimentación e Nutrición estimaba que o 25 % dos nenos e nenas padecían malnutrición.

Estas son algunhas das dramáticas conclusións do informe.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Neste difícil contexto político, social e económico, dende comezos de 2016, o Goberno de Venezuela non está facendo fronte aos pagos que deben percibir os pensionistas e xubilados españois que teñen retornado daquel país, pertencendo a este colectivo máis de 3.500 retornados galegos. Estes pagos mensuais debe abonalos o Goberno de Venezuela en virtude do correspondente convenio bilateral asinado con España.

Nos supostos de máis necesidade, moitos dos nosos emigrantes retornados de Venezuela poden estar xa a sufrir situacións graves, non podendo acceder ademais aos servizos de emerxencia social ou vendo retirados os complementos de mínimos da Seguridade Social.

A situación dos galegos que residen en Venezuela está loxicamente a sufrir a situación descrita.

Estamos así ante un grave deterioro do Estado de dereito na República de Venezuela. Este proceso acadou unha situación crítica o mércores 29 de marzo, cando o Tribunal Supremo de Xustiza venezolano asumía as competencias da Asemblea Nacional, limitando a inmunidade aos seus deputados e outorgándose poderes extraordinarios en materia penal, militar, económica, social, política e civil. Este intento de abolición da máis básica das regras dun réxime democrático, o respecto á lei, que foi rectificado grazas á presión internacional, levou a que numerosos países e organismos falaran de ruptura da orde democrática en Venezuela.

Dezanove países aprobaron na OEA o pasado 3 de abril unha resolución denunciando unha “violación da orde constitucional” en Venezuela, esixindo a reinstauración da separación de poderes.

O 1 de maio o presidente venezolano, Nicolás Maduro, anunciou de forma unilateral a convocatoria dunha “assemblea nacional constituínte”.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A pesar das reiteradas resolucións, ditames e declaracións, provenientes da Unión Europea, así como as do presidente del Parlamento Europeo, Antonio Tajani, de organismos rexionais como Mercosur ou a Organización dos Estados Americanos (OEA) e o seu Secretario xeral, Luis Almagro, ou das principais organizacións non gobernamentais encargadas de velar polos dereitos humanos, e do intento de mediación promovido por Unasur coa participación dos 3 ex presidentes e o Vaticano, o Goberno venezolano mantén o seu rumbo, ignorado sistematicamente as chamadas á sensatez e ao diálogo.

É necesario así adoptar todas as medidas precisas, no ámbito das relacións exteriores e sen deixar de confiar nos planteamentos de diálogo e mediación en marcha, para avanzar decididamente na paz social, a estabilidade política e institucional en Venezuela, con pleno dereito á democracia e respecto aos Dereitos Humanos. Os lazos entre Galicia e Venezuela, a situación dos galegos que residen naquela república e a dos emigrantes retornados, esixen que por parte da nosa Comunidade se tomen todas as iniciativas posibles.

Polo exposto, o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que medidas está a adoptar o Goberno galego para solucionar a situación da emigración galega en Venezuela, tanto se ten retornado como se permanece no dito país?

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/05/2017 13:39:29

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/05/2017 13:39:48

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/05/2017 13:39:55

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.35 9065(10/POC-001877)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a posta en pleno funcionamento do novo edificio xudicial da Fábrica de Tabacos da Coruña, así como sobre a existencia de fluidez e cooperación nas xestións con outras administracións para axilizar os procesos legais pertinentes



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9065
Data envío: 12/05/2017 14:30:20.024



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa escrita.

En 2010 o Concello da Coruña cedía á Xunta de Galicia o edificio protexido da Fábrica de Tabacos, patrimonio emblemático da cidade, para a súa rehabilitación e instalación dos equipamentos xudiciais que precisaba e precisa A Coruña.

Tras un retraso de tres anos e un investimento de case 20 millóns de euros, a Xunta de Galicia inaugurou oficialmente o pasado 31 de marzo deste ano o edificio rehabilitado, no que está previsto instalar a Audiencia Provincial, a Fiscalía, a Xunta Electoral, o Xulgado de Menores e de Vixilancia Penitenciaria, ademais doutras oficinas auxiliares, desprazando ao novo edificio aproximadamente a 175 persoas, entre xuíces e fiscais e funcionarios dos corpos xudiciais.

O Goberno galego solicitara o 23 de marzo, só oito días antes da inauguración, ao Concello da Coruña as correspondentes licencias urbanísticas para a apertura e ocupación do novo edificio. O organigrama de traballo da Consellería de Presidencia tiña previsto iniciar a mudanza das indicadas oficinas xudiciais o día 3 de abril para poñer o edificio en pleno funcionamento o 5 de maio actual.

Parece ser que actualmente as preceptivas licencias urbanísticas aínda non foron outorgadas polo Concello, polo que as previsións para a efectiva posta en funcionamento das novas instalacións xudiciais na Coruña se están a demorar novamente.

Ademais, os representantes do persoal de xustiza da Coruña teñen manifestado a falta de información por parte da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no que atinxe a todo este importante proceso de traslado, debéndose en todo momento asegurar as preceptivas obrigas en materia de seguridade e saúde no traballo e, moi especialmente, a axeitada coordinación entre os órganos xudiciais que se van instalar no novo edificio e aqueles que, aínda permanecendo noutras instalacións xudiciais da cidade, interveñen nas diferentes fases procesuais dos procedementos xudiciais.



 Grupo Parlamentario

Se é importante unha correcta e transparente reinstalación do persoal, das oficinas e dos equipamentos tecnolóxicos, por suposto en correcta situación urbanística, é esencial que todos os mecanismos de coordinación e cooperación garantan un seguro e eficaz servizo da Xustiza na cidade da Coruña.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por outra parte, e non sen retraso tamén desde os anuncios de 2009, a Xunta de Galicia anuncia agora a implantación paulatina da Oficina xudicial como novo modelo organizativo, cun ensaio piloto en Ourense, pero sen que coñezamos qué previsión de implantación existe da nova oficina na Coruña, nun momento no que se está a poñer en marcha o novo edificio xudicial da Fábrica de Tabacos.

Polo exposto o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

1. Que previsións ten o Goberno galego para poñer en pleno funcionamento o novo edificio xudicial da Fábrica de Tabacos na Coruña?
2. Existe fluidez e cooperación nas xestións con outras administracións para acelerar os procesos legais pertinentes?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/05/2017 14:22:59

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/05/2017 14:23:09

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/05/2017 14:23:15

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.36 9312(10/POC-001874)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre o impacto, nos diferentes departamentos, entidades e servizos dependentes do Goberno galego, do ciberataque ocorrido o 12 de maio de 2017 mediante a propagación do "ransomware" denominado WannaCry, as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para reparar os posibles danos ocasionados, así como as previstas para mellorar os mecanismos de prevención e resposta ante novos ataques desta natureza e a posibilidade de cuantificación do seu custo



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 10:58
Nº Rexistro: 9312
Data envío: 19/05/2017 10:58:52.483



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Abel Fermín Losada Álvarez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O venres 12 de maio actual multitude de equipos, sistemas e redes informáticas de todo o mundo foron infectadas por un virus informático mediante a propagación do *ransomware* denominado *WannaCry*, atacando a gran cantidade de corporacións, empresas e institucións ao aproveitar unha vulnerabilidade de *Microsoft*.

O Instituto Nacional de Ciberseguridade (Incibe), sociedade dependente do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, vén de dar datos, parciais, limitándose o Goberno a sinalar que España ocupa a posición 16 do ranquin dos 179 países afectados por este importante ciberataque mundial. Segundo Europol, este virus foi capaz de infectar en 48 horas máis de 200.000 dispositivos en 150 países, considerándoo así un ataque sen precedentes.

En España importantes teleoperadoras, *call-centers*, empresas e corporacións víronse afectadas, suspendendo algunha delas a súa operativa. En Galicia tamén se viron afectadas entidades destas características.

Ninguén está libre de sufrir estes cibertiques; as ferramentas e as medidas preventivas non evolucionan á mesma velocidade que as interconexións. A diferenza está nas capacidades para dar resposta antes as fendas ou fisuras das redes e sistemas.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o impacto nos diferentes departamentos, entidades e servizos dependentes do Goberno galego do ciberataque ocorrido o 12 de maio actual mediante a propagación do *ransomware* denominado *WannaCry*?

2ª) Cales son as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para emendar, no seu caso, os posibles danos sufridos por este ciberataque?



 **Grupo Parlamentario**

3ª) Cales son as medidas previstas para mellorar os mecanismos de prevención e resposta perante novos ataques desta natureza aos sistemas e redes informáticas da Administración autonómica?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Poden cuantificarse os custos deste ciberataque nos sistemas da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 19/05/2017 10:56:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/05/2017 10:56:36

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/05/2017 10:56:43

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/05/2017 10:56:52

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.37 10696(10/POC-001829)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno para posibilitarlle ao alumnado do IES Agra do Orzán o uso do polideportivo do barrio de xeito estable, as medidas que está a adoptar co fin de optimizar e mellorar a prestación de servizos nos polideportivos autonómicos situados na Coruña e as actuacións que está a desenvolver, en coordinación co Concello da Coruña, para avaliar a posibilidade de transferir a ese concello a titularidade e a xestión dos polideportivos autonómicos localizados nese termo municipal

Publicación da iniciativa, 137, 29.06.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2017 13:04
Nº Rexistro: 10696
Data envío: 20/06/2017 13:04:56.816



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O barrio coruñés da Agra do Orzán é o de maior densidade de poboación da cidade e un dos barrios con maior presión demográfica de Galicia. A necesidade de servizos públicos das veciñas e veciños foise cubrindo coa construción de equipamentos culturais, sociais, educativos, sanitarios e comerciais, pese ás dificultades de solo tralo desenvolvemento incontrolado na década dos setenta.

O IES Agra do Orzán foi un dos primeiros centros educativos da zona. Deu resposta, no seu día, ás necesidades formativas de miles de mozos que cursaron o seu bacharelato nas súas instalacións, que tiveron que ser ampliadas ao pouco da súa apertura pola demanda existente.

As dificultades ás que aludiamos para encontrar solo dispoñible para equipamentos públicos fixeron que instalacións culturais e deportivas tivesen que esperar, obrigando a chegar a acordos entre administracións para economizar recursos e dar un servizo axeitado aos veciños do barrio.

É este o caso da piscina e o pavillón do Agra do Orzán, radicados nunha parcela veciña ao IES Agra que foi, no seu día, cedida polas institucións académicas para construír a piscina, coa condición de que puidese ser utilizada pola comunidade educativa do Instituto, que non conta con instalacións axeitadas para a realización de prácticas deportivas.

Durante o ano 2015, o enfrontamento entre a Xunta de Galicia e a empresa concesionaria da xestión dos polideportivos autonómicos radicados na cidade provocou molestias e problemas tanto con profesionais, clubs e usuarios en varias instalacións.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ás reivindicacións do persoal destes polideportivos e as protestas de clubs, ante a imposibilidade de utilizar as piscinas para cursos e adestramentos, uníronse as protestas da comunidade educativa do IES Agra do Orzán ao verse privado o alumnado do acceso ao polideportivo, por decisión unilateral da empresa concesionaria, vulnerando incluso acordos adquiridos no seu día polas autoridades autonómicas (Consellería de Educación e Secretaría xeral para o Deporte).

O Grupo Municipal Socialista leva presentando desde finais do ano 2015, ademais de diversas preguntas escritas, un rogo dirixido ao goberno local para que actuase de mediador entre a Xunta e a empresa concesionaria, así como para iniciar a negociación coa Administración autonómica para asumir a xestión municipal dos polideportivos autonómicos, sen resultados coñecidos a esta data.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que actuacións ten levado a cabo ou ten previstas a Xunta de Galicia para dar unha solución que permita ao alumnado do IES Agra do Orzán utilizar o polideportivo do Agra de forma estable?

2ª) Que medidas está a adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de optimizar e mellorar a prestación de servizos nos polideportivos autonómicos radicados na Coruña para evitar máis molestias e prexuízos a clubs, profesionais e usuarios das ditas instalacións?

3ª) Que actuacións está a seguir a Xunta de Galicia, en coordinación co Concello da Coruña, para avaliar a posibilidade de que a titularidade e a xestión dos polideportivos autonómicos radicados no concello da Coruña pasen a ser transferidos o concello, para un uso máis próximo ás necesidades da cidade?

Pazo do Parlamento, 19 de xuño de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2017 13:04
Nº Rexistro: 10696
Data envío: 20/06/2017 13:04:56.816



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/06/2017 12:53:44

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/06/2017 12:53:49

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/06/2017 12:53:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 20/06/2017 12:54:01

Maria de la Concepción Burgo López na data 20/06/2017 12:54:12

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.38 10758(10/POC-001839)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os datos referidos á compra do múltiplex, ou espectro televisivo necesario para a emisión da CRTVG en HD (720p), as razóns da prórroga en dúas ocasións das licenzas de emisión en TDT a dous grupos que incumpren as obrigas contraídas e as previsións do Goberno galego respecto do rescate das concesións

Publicación da iniciativa, 137, 29.06.2017

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a emisión da CRTVG en HD (720 p) e a compra do espectro televisivo (multiplex) preciso para tal efecto.

Nunha xuntanza mantida co Comité Intercentros da CRTVG, o 16 de xuño, o Director Xeral da Corporación explicou ás persoas representantes do cadro de persoal dos medios públicos que no proceso de dixitalización a televisión pública emitirá en HD (720 p).

Para cumprir con este obxectivo e segundo relatou o Director Xeral da CRTVG, a Corporación tivo que mercar unha parte do multiplex (banda de espectro para TV e telefonía 4G que permite a emisión en alta definición) pertencente ao Grupo Voz e a Popular TV (Grupo COPE) até atinxir o 70% que precisa.

Unha compra cando menos sorprendente se temos en conta que estes dous grupos mediáticos incumpren as licenzas de Televisión Dixital Terrestre (TDT) que lles foron concedidas por un Goberno en funcións, do Partido Popular, en xullo de 2004. E é que malia se comprometeren a investir perto de 100 millóns de euros e crear 188 postos de traballo, a día de hoxe, por exemplo, e desde xullo de 2013 Popular TV non existe, a canle foi pechada e o cadro de persoal (unha vintena de persoas) despedido. Pola súa



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2017 10:52
Nº Rexistro: 10758
Data envío: 21/06/2017 10:52:02.040

banda, o Grupo Voz tampouco cumpriu cos seus compromisos, reduciu ao mínimo a súa programación propia e despediu boa parte do cadro de persoal.

Malia todo, as licenzas fóronlles prorrogadas en dúas ocasións a través da Lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña anualmente os Orzamentos da Xunta. No concreto, en 2014 e 2017 outorgándolles máis tempo para que, supostamente, materializasen os compromisos adquiridos e acreditasen que están a cumprir coas súas obrigas legais, algo do que até o momento fican ben lonxe.

Eses incumprimentos reiterados deberan levar o Goberno galego a recuperar as devanditas licenzas. Porén, non só non foi así senón que a Xunta de Galiza tería aprobado a compra de parte do multiplex que estes grupos de comunicación posúen.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

-É certo, como informou a Dirección Xeral da CRTVG ao comité intercentros, que se produciu a compra de multiplex dos grupos Voz e Popular TV para acadar o 70% necesario para a emisión en HD (720 p) da televisión pública galega?

-Quen realizou o pagamento, a Xunta de Galiza ou a CRTVG?

-Canto diñeiro custou a compra?

-Por que prorrogou en dúas ocasións as licenzas de emisión en TDT a dous grupos que veñen incumprindo de maneira reiterada as súas obrigas legais?

-Parécelle un bo negocio ao Goberno galego a compra de multiplex a dúas empresas que están a incumprir as obrigas da concesión?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2017 10:52
Nº Rexistro: 10758
Data envío: 21/06/2017 10:52:02.040

-Pensa a Xunta de Galiza rescatar as concesións perante o flagrante incumprimento das súas obrigas por parte dos devanditos grupos mediáticos, a comezar pola non creación dos postos de traballo comprometidos?

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/06/2017 10:49:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/06/2017 10:49:29

María Montserrat Prado Cores na data 21/06/2017 10:49:33

Ana Pontón Mondelo na data 21/06/2017 10:49:34



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2017 10:52
Nº Rexistro: 10758

Data envío: 21/06/2017 10:52:02.040

Noa Presas Bergantiños na data 21/06/2017 10:49:35

Xosé Luis Bará Torres na data 21/06/2017 10:49:37

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. **Proposicións non de lei**

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 5586(10/PNC-000539)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a publicación polo Goberno galego, no Portal da transparencia e goberno aberto, da información establecida no artigo 19 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, referida ao informe anual relativo aos acordos aprobados no Parlamento de Galicia que afecten ás súas competencias, detallando a data de aprobación e o organismo competente para o seu cumprimento

Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través da súa deputada, **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente, resulta imposible saber o grao de cumprimento da Xunta de Galicia en relación aos acordos aprobados no Parlamento que afectan ás súas competencias, así como o cumprimento de aqueles outros que requiran dunha actuación da Xunta na relación con outras entidades.

O Parlamento de Galicia, conta cos mecanismos de control establecidos no Regulamento para a supervisión do cumprimento dos acordos aprobados na Cámara, pero eses mecanismos resultan insuficientes para constatar si o Goberno toma en conta os mandatos do Parlamento, principalmente no referente ás Proposicións non de Lei que resultan aprobadas no mesmo.

Existe outro mecanismo para poder fiscalizar o cumprimento por parte do Goberno dos acordos aprobados no Parlamento, que conta coa efectividade da cobertura legal outorgada pola Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno, que segundo o artigo 19 se establecen as seguintes disposicións para a Xunta de Galicia:

1. A Xunta de Galicia publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto a relación dos acordos aprobados no Parlamento de Galicia que afecten as súas competencias, detallando a data de aprobación e o organismo competente para o seu cumprimento. Asemade, publicará aqueles acordos que a insten a dirixirse a outras entidades.



2. A finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento nese ano.

Rematado xa o ano 2016, a Xunta de Galicia aínda non publicou no Portal de Transparencia a información antes citada. Ante esta situación o Grupo Parlamentario de **En Marea** presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

- **O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia ao cumprimento da Lei 1/2016 de transparencia e a publicar no Portal de Transparencia o disposto no artigo 19 da mesma.**

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira,

Deputada do GP de En Marea

Voceiro do GP de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/02/2017 12:38:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 12:41
Nº Rexistro: 5586
Data envío: 23/02/2017 12:41:47.146

Luis Villares Naveira na data 23/02/2017 12:38:54

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 8580(10/PNC-000903)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda do Goberno galego á Administración de Xustiza respecto da elaboración dun protocolo de actuación para avaliar os resultados da aplicación do sistema de comunicación das resolucións xudiciais co dobre modelo que permite unha mellor comprensión dos termos xurídicos pola cidadanía

Publicación do acordo, 112, 10.05.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2017 17:10
Nº Rexistro: 8580
Data envío: 03/05/2017 17:10:10.876



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

A Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza, do 16 de abril de 2002, reconece que “todos temos dereito a que as notificacións, citacións, emprazamentos e requirimentos conteñan termos sinxelos e comprensibles, así como que as sentenzas e demais resolucións xudiciais se redacten de tal forma que sexan comprensibles polos seus destinatarios, usando unha sintaxe e estrutura sinxelas, sen prexuízo do seu rigor técnico”.

Como consecuencia deste texto e por primeira vez na Xustiza europea, os xulgados de familia de Oviedo teñen servido de experiencia piloto co método que se chama “Lectura Fácil”, posto que nestes xulgados hai dous casos de incapacidade con conservación da capacidade lectora comprensiva. O sistema consiste na comunicación das resolucións simultaneamente no formato habitual de redacción e nun modelo adaptado, que permite unha mellor comprensión dos termos xurídicos.

Desta maneira, achégase sen dúbida a Xustiza á cidadanía, dereito moito máis acentuado cando se trata de persoas que se atopan en situación de discapacidade intelectual e ás que, polas súas concretas circunstancias, lles costa máis que ao resto aprender, comprender, se comunicar e, en particular, entender o senso e alcance das resolucións xudiciais. Diríase máis, non só cando se estea ante unha situación de discapacidade intelectual, senón tamén con relación a persoas maiores que ven mermadas algunhas facultades intelectuais polo paso da idade, á poboación inmigrante con escaso dominio do idioma, a persoas sen estudos que non saben ler nin escribir e, por extensión, a toda a poboación cando se enfronta a textos de certa especialización e complexidade técnica.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia que solicite á Administración de xustiza a futura elaboración dun protocolo de actuación que sirva para avaliar a aplicación do sistema de comunicación con dobre modelo de comunicación das resolucións xudiciais (no formato habitual de redacción e nun modelo adaptado, que permite unha mellor comprensión dos termos xurídicos) a situacións de discapacidade intelectual, con relación a persoas maiores que vén mermadas algunhas facultades intelectuais polo paso da idade, á poboación inmigrante con escaso dominio do idioma, a persoas sen estudos que non saben ler nin escribir e, por extensión, a toda a poboación cando se enfronta a textos xudiciais de certa especialización e complexidade técnica.

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/05/2017 16:58:44

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/05/2017 16:58:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2017 17:10
Nº Rexistro: 8580
Data envío: 03/05/2017 17:10:10.876



 **Grupo Parlamentario**

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/05/2017 16:58:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2017 16:58:58

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 9994(10/PNC-001037)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o pagamento pola Xunta de Galicia da retribución complementaria que lle corresponde ao persoal funcionario do corpo de oficiais que desempeña unha secretaría dun xulgado de paz, incluíndo os atrasos e intereses, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coas sentenzas xudiciais ao respecto

Publicación da iniciativa, 128, 14.06.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2017 17:28
Nº Rexistro: 9994
Data envío: 05/06/2017 17:28:39.163

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

O persoal funcionario do corpo de oficiais que desempeña unha secretaría dun xulgado de paz, con nomeamento expedido ao efecto, ten dereito ao cobro de 26,90 euros/mes como retribución complementaria, tal e como recoñecen diversas sentenzas xudiciais.

En lugar de acatar e cumprir estas sentenzas, o goberno galego presentou recurso ante a sala do contencioso administrativo do Tribunal de Xustiza de Galiza, que confirmou as sentenzas dos xulgados de primeira instancia e condenou á Xunta de Galiza a pagar os custos, nunha cantidade que xa suma 3.000 euros como consecuencia de tres sentenzas semellantes do TSXG.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego insta ao Goberno galego a



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2017 17:28
Nº Rexistro: 9994
Data envío: 05/06/2017 17:28:39.163

1. Aboar a retribución complementaria que lle corresponde ao persoal funcionario do corpo de oficiais que desempeña unha secretaría dun xulgado de paz, incluíndo atrasos e intereses.

2. Desistir da interposición de novos recursos e acatar as sentenzas dos tribunais que xa fallaron ao respecto.”

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/06/2017 17:25:01

Noa Presas Bergantiños na data 05/06/2017 17:25:12



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2017 17:28
Nº Rexistro: 9994

Data envío: 05/06/2017 17:28:39.163

María Montserrat Prado Cores na data 05/06/2017 17:25:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/06/2017 17:25:17

Olalla Rodil Fernández na data 05/06/2017 17:25:20

Ana Pontón Mondelo na data 05/06/2017 17:25:23